

ORDENANZA XERAL DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA

Aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 6 de marzo de 1998. Publicada no BOP da Coruña do 7 de maio de 1998. Modificacións publicadas no BOP do 9 de xuño de 2000, o 26 de maio de 2006, o 13 de xullo de 2006 (artigo 110.3) e o 24 de febreiro de 2010 (artigos 58 a 67). Modificación introducida pola disposición derogatoria, parágrafo primeiro, da Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalaría, aprobada por acordo do Pleno do 26 de abril de 2012 (que derroga os artigos 108, 109, 110, 111 e 112).

A disposición derogatoria da Ordenanza reguladora de actividades, instalacións e ocupacións da vía pública (aprobada por acordo do Pleno o 25 de outubro de 2012, BOP da Coruña do 8 de novembro de 2012) establece: “Quedan derogados o capítulo VIII do título II, os artigos 56 e 57 e os títulos III, IV e V da Ordenanza de circulación e uso da vía pública aprobada por acordo plenario do 6 de marzo de 1998, en todos aqueles artigos que non foran xa derogados por outras normas municipais aprobadas. En relación co réxime sancionador do título VII derróganse todas aquelas disposicións que contradigan o disposto nesta ordenanza”.

TÍTULO PRELIMINAR. OBXECTO DA ORDENACIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1

O Concello de Santiago de Compostela acorda aprobar esta ordenanza municipal da vía pública en virtude das facultades que sobre tráfico urbano lle confiren a Lei de bases do réxime local, artigo 25-2g, o artigo 7 do Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aprobado texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e o Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación, coa modificación aprobada por Real decreto 970/2020, do 10 de novembro, especialmente das competencias referidas a:

1. A regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, por medio de axentes propios, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade; así como a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías

e a sanción destas cando non estea atribuída expresamente a outra administración.

2. A regulación dos usos das vías urbanas, incluído o réxime de parada e estacionamento, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todas as persoas usuarias coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas; así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, prestando especial atención ás persoas con discapacidade que teñan reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo isto co fin de favorecer a súa integración social.
3. A inmovilización dos vehículos nas vías urbanas cando non dispoñan de títulos que habiliten o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou que excedan da autorización concedida, ata que se logre a identificación da persoa condutora.
4. A retirada dos vehículos das vías urbanas e o seu posterior depósito cando obstaculicen, dificulten ou supoñan un perigo ou causen perturbacións á circulación doutros vehículos ou de persoas, entorpezan o réxime de parada e estacionamento, se atopen incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido, nas condicións previstas para inmovilización dos vehículos, deterioren algún servizo ou o patrimonio público ou xeren contaminación acústica, de acordo co establecido nesta ordenanza e na que regula a emisión e recepción de ruídos e vibracións e condicións dos locais.
5. Tamén a retirada de vehículos en vías interurbanas e o seu posterior traslado ao depósito municipal, nos termos que se determinen regulamentariamente.
6. A autorización de probas deportivas cando descorran integra e exclusivamente polo núcleo urbano, exceptuadas as travesías.
7. A realización de probas regulamentariamente establecidas para determinar o grao de intoxicación alcohólica ou por drogas, das persoas condutoras que circulen polas vías nas que exerce as competencias de ordenación, xestión, control e vixilancia do tráfico.
8. O peche das vías urbanas cando sexa necesario.
9. A restrición da circulación de determinados vehículos en vías urbanas por motivos medioambientais
10. A regulación do servizo de transporte urbano colectivo, do transporte escolar e dos vehículos de servizos de clase A, auto-taxi, e clase C, ambulancias, nos termos recollidos na súa regulación específica.
11. Regulación das paradas e itinerarios do transporte interurbano -regular ou discrecional- nas súas entradas e saídas da cidade ata a Estación Intermodal Daniel Rodríguez Castelao
12. Regulación dos transportes pesados e perigosos, nos termos que recolle a súa ordenanza específica.

13. Regulación da carga e descarga.

Artigo 2

Esta ordenanza ten por obxecto regular o uso do dominio público municipal e, especificamente, das vías, cunha especial atención á circulación polas vías urbanas do termo municipal de Santiago de Compostela.

Obriga ás persoas titulares e usuarias das vías e terreos urbanos aptos para a circulación, tanto públicos como privados, ás das vías e terreos que, sen teren tal aptitude, sexan de uso común e, a falta doutras normas, ás titulares e usuarias das vías e terreos, tamén urbanos, que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de persoas.

O Concello de Santiago entende que as zonas de aparcamento no casco urbano da cidade constitúen un ben escaso, que o seu aproveitamento é de interese xeral e que a el teñen dereito por igual todas as persoas usuarias de vehículos. Como consecuencia disto, é unha finalidade prioritaria lograr a máxima equidade na distribución temporal dos aparcadoiros dispoñibles en superficie que, en definitiva, constitúen un aproveitamento intensivo de bens de dominio e uso público. Procúrase, xa que logo, que toda a veciñanza conte coa posibilidade de empregalos para resolver os problemas urxentes que xorden mentres utiliza o seu vehículo e garantir que ninguén poida abusar dunha utilización privativa e privilexiada por calquera motivo, especialmente pola ocupación cronoloxicamente anterior sen ningunha limitación de tempo, en prexuízo das demais persoas usuarias. Con este obxectivo, ordénase a utilización, permanencia e retirada dos vehículos dos aparcadoiros dispoñibles como un servizo público prestado polo Concello de Santiago de Compostela para a xa mencionada finalidade de conseguir unha xusta e equitativa distribución dos escasos espazos que existen entre todas as persoas usuarias que os necesiten. Este servizo público configúrase e organízase e, polo tanto, préstase a través da aplicación da Ordenanza de regulación do aparcamento (ORA) e, en función dela, da posibilidade de retirar os vehículos cando co seu incumprimento orixine graves perturbacións no funcionamento deste servizo público.

Corresponde á autoridade municipal a ordenación do estacionamento e a circulación nas vías urbanas de uso público, independentemente da súa titularidade, pública ou privada.

Artigo 3

Para os efectos desta ordenanza, considérase vía urbana a vía situada dentro do poboado, agás as travesías.

Artigo 4

Subsidiariamente, naquelas materias non reguladas expresamente nesta ordenanza ou, de ser o caso, nos seus anexos, aplicarase a Lei de tráfico e seguridade viaria, o Regulamento xeral de circulación e demais normas de carácter xeral.

Artigo 5

Para os efectos desta ordenanza e das demais normas complementarias utilízanse os conceptos básicos sobre vías públicas, vehículos, sinais e persoas usuarias indicados no anexo de Lei de tráfico e seguridade viaria ademais dos contidos no Regulamento xeral de circulación.

Co fin de facilitar a comprensión desta norma inclúese un anexo V no que se recollen os distintos tipos de vehículos, segundo as determinacións do Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Artigo 6

Corresponde á Policía Local ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no núcleo urbano, de acordo co establecido no artigo 53 da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. A Policía Local será tamén administrativa no relativo ás ordenanzas, bandos e disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia.

Así mesmo, será da súa competencia formular as denuncias que procedan polas infraccións que se cometan contra o disposto nesta ordenanza, na Lei de seguridade viaria, no Regulamento xeral de circulación e nas demais disposicións complementarias.

TÍTULO I. DA CIRCULACIÓN URBANA

CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS

Artigo 7

As persoas usuarias das vías están obrigados a comportarse de xeito que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas ou danos aos bens.

Artigo 8

A realización de obras ou instalacións nas vías obxecto desta ordenanza necesitará contar previamente con licenza municipal e rexerase polo disposto nesta norma e na normativa de aplicación xeral.

Artigo 9

Prohíbese tirar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos que poidan entorpecer a libre circulación, a parada ou o estacionamento, que a poidan facer perigosa, que deterioren a propia vía ou as instalacións, ou que produzan nela ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar.

Artigo 10. Sinais acústicos e publicidade

Prohíbese o uso de megafonía e de sinais acústicos non sendo para os vehículos da policía, bombeiros e outros dedicados aos servizos de emerxencia, salvo o disposto no artigo 35 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións.

Soamente será xustificado o emprego instantáneo de avisadores acústicos en casos excepcionais de perigo inmediato de accidente que non se poidan evitar con outros sistemas ou nos supostos previstos na Ordenanza reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións.

Está igualmente prohibida a publicidade estática nas beirarrúas e nas inmediacións das vías públicas, agás a instalada en marquesiñas e *muppies*. Tamén se prohibe a implantación de árbores, farois,

mobiliario urbano, paredes, valos e elementos que afecten ao uso das vías públicas sen a autorización ou a licenza municipal correspondente.

CAPÍTULO II. SINALIZACIÓN

Artigo 11. Normas xerais sobre sinais

1. A sinalización é o conxunto de indicacións composto polas ordes dos axentes da circulación, os sinais circunstanciais que modifican o réxime normal de utilización da vía, os semáforos, os sinais verticais de circulación e as marcas viarias, destinadas ás persoas usuarias da vía e que teñen por misión advertilas e informalas, ordenar ou regular o seu comportamento coa necesaria antelación ou advertir de determinadas circunstancias da vía ou da circulación.

As características da dita sinalización son as especificadas nos títulos IV e V do Regulamento xeral de circulación.

2. Salvo circunstancias especiais que o xustifiquen, as persoas usuarias deben obedecer as prescricións indicadas polos sinais, aínda cando parezan estar en contradición coas normas de comportamento de circulación.

Artigo 12. Prioridade entre sinais

1. A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais de circulación é a seguinte:

1. Sinais e ordes dos axentes de circulación.
2. Sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía.
3. Semáforos.
4. Sinais verticais de circulación.
5. Marcas viarias.

2. En caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre si prevalecerá o prioritario, segundo a orde a que se refire o apartado anterior, ou o máis restritivo, se se trata de sinais do mesmo tipo.

Artigo 13. Mantemento dos sinais e sinais circunstanciais

1. Corresponde á persoa titular da vía a responsabilidade de manter os sinais e as marcas viarias nas mellores condicións posibles, a da seguridade para a circulación e a da instalación. Tamén lle corresponde conceder as autorizacións precisas para instalar nela outros sinais de circulación. En casos excepcionais, os axentes da autoridade poderán instalar outros sinais, de carácter circunstancial, sen autorización previa e polo menor tempo posible.

2. A autoridade encargada de regular o tráfico será responsable da sinalización de carácter circunstancial en razón das continxencias que poidan producirse no propio tráfico e da sinalización variable necesaria para o seu control, de acordo coa lexislación de estradas.

3. A responsabilidade de sinalizar as obras que se realicen nas vías obxecto desta ordenanza corresponde aos organismos que as realicen ou ás empresas adxudicatarias, de acordo co que se determine regulamentariamente. As persoas usuarias da vía están obrigados a seguir as indicacións do persoal destinado á regulación do tráfico nas obras.

Artigo 14. Retirada, substitución e alteración dos sinais

1. A entidade titular da vía ou, de ser o caso, a autoridade encargada de regulala ordenará a retirada inmediata ou a substitución polos acaídos dos sinais antirreglamentarios, dos que perderan o seu obxecto e dos que non o cumbran por causa do seu deterioro.

2. Ninguén debe instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modificar a sinalización dunha vía sen permiso da entidade salvo por causa xustificada ou, de ser o caso, da autoridade encargada da regulación do tráfico ou da responsable das instalacións.

3. Prohíbese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre eles ou nas súas inmediacións placas, carteis ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou a súa eficacia, cegar as persoas usuarias da vía ou distraer a súa atención.

Artigo 15. Sinalización

1. A sinalización de balizamentos, prohibicións, perigos, restricións ou obrigas referidas a vehículos e persoas que circulen polas rúas da cidade farase empregando os sinais que determina o Regulamento xeral de circulación coas modificacións posteriores en vigor.

Cando se trate de sinais non incluídos no Regulamento xeral de circulación, a autoridade municipal aprobará o modelo que para cada caso considere máis axeitado, procurando darlle a máxima difusión posible para que sexa coñecido polas persoas usuarias da vía.

2. Non será preciso sinalizar os seguintes casos:

- a. Cando as prohibicións, restricións ou obrigas sexan absolutas en toda a poboación e se dispoñan os sinais correspondentes nos accesos á cidade.
- b. No caso de autorización sen limitación de tempo.

3. Os sinais de circulación poderán instalarse en postes axeitados, en apoios comúns a outros servizos ou nas fachadas das edificacións. As persoas propietarias destas edificacións quedan obrigadas a permitir a súa colocación.

4. Prohíbese que as persoas particulares coloquen sinais de circulación nas fachadas dos edificios sen a correspondente licenza municipal.

CAPÍTULO III. CLASIFICACIÓN DAS VÍAS E ZONAS URBANAS

Artigo 16

Atendendo ao seu uso, función e capacidade e á ordenación da circulación, as vías urbanas do municipio clasifícanse, para os efectos desta ordenanza en:

Zonas de prioridade peonil.

Zonas peonís.

Zonas residencias ou de encontro.

Cada unha destas zonas está delimitada no plano que se incorpora a esta norma como anexo

I. Este plano será actualizado cando se produzan modificacións nas distintas zonas e incorporárase ao anexo mediante acordo da Xunta de Goberno Local, por proposta da Alcaldía ou, por delegación, da concellaría competente en materia de mobilidade.

Artigo 17. Zonas de prioridade peonil

Nestas zonas gozarán de prioridade as persoas que se despracen a pé sobre calquera outro vehículo, bicicleta ou elemento mecánico de transporte autorizado para circular, agás autobuses do servizo de transporte público urbano colectivo cando circulen por unha plataforma reservada.

Características e limitacións:

1. Considéranse zonas de prioridade peonil as zonas peonís, as zonas 30, as zonas 20, as zonas 10, as zonas residenciais ou de encontro e todas aquelas que se poidan establecer para mellorar a convivencia dos diferentes modos de mobilidade onde o respecto e preferencia das persoas a pé sexa prioritaria.
2. Estas zonas deberán ter un acondicionamento urbanístico que permita acceder, desprazarse facilmente e circular sen atrancos ás persoas con mobilidade reducida.
3. A prohibición para circular, parar e estacionar poderase establecer con carácter permanente ou referida a unhas horas do día ou a determinados días.

4. Tamén se poderán establecer limitacións de acceso a determinados vehículos en función da súa masa, dimensións, categoría ou tipo de carga que transporten.

5. As persoas a pé circularán polas beirarrúas, pasos e zonas de prioridade peonil debidamente sinalizada e non deberán deterse nas beirarrúas formando grupos cando isto obrigue a outras a circularen pola calzada.

Artigo 18. Zona peonil

Zonas peonís son aqueles espazos da vía pública nos que se restrinxen o estacionamento e a circulación de vehículos. Autorízase nelas a circulación en bicicleta e noutros tipos de ciclos sempre que se garanta a prioridade das persoas que se desprazan a pé e unha velocidade máxima de 10 km/h.

Características e limitacións:

1. Poderase autorizar de forma excepcional ou con limitacións horarias a circulación de vehículos motorizados que non excedan da velocidade máxima de 10 km/h, coa obriga de adaptala á das persoas que se desprazan a pé.

2. As limitacións de circulación e parada que se establezan nas zonas peonís non afectarán aos seguintes vehículos:

- a. Os do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e todos aqueles que teñan inherente a prestación de servizos públicos.
- b. Os que trasladen persoas enfermas ao seu domicilio ou a centros de atención sanitaria dentro da área ou zona peonil.
- c. Os que trasladen hóspedes de hoteis e de residencias de anciáns situadas dentro da área ou que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados.
- d. Os conducidos ou ocupados por persoas con mobilidade reducida que sexan titulares dunha autorización de aparcamento para persoas con discapacidade e os que trasladen a estas persoas dentro da zona coa debida autorización municipal.

3. Os itinerarios compostos por un conxunto de rúas peonís que se configuren por motivos ambientais, de mobilidade sostible e en beneficio da saúde da cidadanía terán a consideración de zonas peonís e o seu obxectivo será posibilitar e fomentar a marcha a pé na cidade.

Os itinerarios peonís uniranse entre si configurando unha rede nos diferentes barrios e para o conxunto da cidade.

A regulación da zona peonil da Cidade Histórica inclúese, polas súas peculiaridades, no anexo II a esta norma.

Artigo 19. Zonas residenciais ou de encontro

Son aquelas zonas que pola súa ordenación urbanística e polas especificacións de uso da vía pública son coherentes coa limitación de velocidade máxima a 30 km/h, 20 km/h ou 10 km/h e coa prioridade peonil aínda que non interfiran innecesariamente o paso dos vehículos.

Estas zonas ou rúas residenciais, tamén denominadas zonas de encontro, estarán especialmente acondicionadas para o uso das persoas que circulan a pé e nelas aplicaranse normas específicas de circulación.

Artigo 20. Vías con limitación para a circulación de vehículos cun peso determinado

1. Prohíbese a circulación de vehículos cunha masa máxima autorizada superior a 5,5 t polas vías rurais do termo municipal e polo interior do núcleo urbano. Esta prohibición non terá máis excepcións que as seguintes:

- a. Os vehículos que transporten material ou restos de obras con destino ou orixe nas que se estean a realizar na zona urbana ou o os que transporten madeira, leite a granel, alimentos para o gando ou maquinaria agrícola nas zonas rurais.
- b. Os vehículos do servizo de recollida de lixo e os da limpeza da vía pública.
- c. Os vehículos dedicados ao transporte de mobles ou aparellos obxecto de mudanza, que deberán contar coa preceptiva autorización municipal, aboar a taxa correspondente e respectar as

condicións que se sinalen na dita autorización.

d. Os autobuses que conforman a frota de transporte público regular de uso xeral urbano ou interurbano e aqueles de transporte público regular de uso especial debidamente autorizados.

e. Os vehículos de emerxencia.

f. Os vehículos destinados ao transporte público regular de uso especial destinado a servir exclusivamente a un grupo específico de persoas usuarias, tales como escolares, persoal dun centro de traballo, militares ou grupos homoxéneos semellantes, nas condicións que se sinalan nestas normas.

g. Aqueloutros en que, a xuízo da Administración Municipal, concorran circunstancias de natureza especial que aconsellen a súa autorización logo de aboar as taxas que correspondan segundo a ordenanza fiscal e de acordo coas condicións que determine a autorización.

2. Adicionalmente, prohíbese a circulación de vehículos cun peso máximo superior a 3,5 t polo ámbito peonil da Cidade Histórica, agás os de servizo da praza de abastos e os destinados ao transportes de mercadorías, segundo as determinacións contidas no anexo II desta norma, que regula a ordenación viaria desta zona.

3. Entre as 4.30 e as 7.30 horas permítese a circulación de vehículos de ata 8 t polas vías urbanas para realizar tarefas de carga e descarga. De ser preciso que estes vehículos accedan en horario distinto ao sinalado deberán comunicalo previamente por escrito, en horario de oficina de luns a venres, ao servizo correspondente do concello, enviando un correo electrónico no que se indique a hora, o día e o percorrido.

4. O transporte de mercadorías perigosas en tránsito aterase ao disposto na lexislación aplicable.

5. Os camións en tránsito e os vehículos de transporte regular non urbano deberán solicitar autorización do itinerario de entrada e saída da cidade. Para iso, poderán enviar un correo electrónico ao enderezo dptotrafico@santiagodecompostela.gal, en horario de oficina de luns a venres.

Artigo 21

1. A clasificación das vías urbanas e os diferentes horarios que se establecen nesta norma poderán ser modificados pola Xunta de Goberno Local. En caso de urxencia, poderá facerse mediante bando ou resolución da Alcaldía ou da concellaría delegada competente no ámbito da mobilidade, dando conta á Xunta de Goberno Local.
2. Cando razóns de seguridade, fluidez do tráfico ou outros motivos de interese xeral ou social así o esixan, o Servizo de Mobilidade e Seguridade ou a Policía Local poderán adoptar, con carácter transitorio, as seguintes medidas:
 - a. Establecemento de distinto sentido de circulación.
 - b. Prohibición total ou parcial do acceso a partes da vía, ben con carácter xeral ou para determinados vehículos ou usos.
 - c. Obrigatoriedade de seguir itinerarios concretos.
 - d. Utilización da beirarrúa ou carrís en sentido oposto ao normalmente previsto.
 - e. Restrición ou limitacións a determinados vehículos e para vías concretas, de cumprimento obrigatorio para as persoas usuarias afectadas.

CAPITULO IV. DA CIRCULACIÓN URBANA

Artigo 22. Límites de velocidade

1. O límite xenérico de velocidade nas vías urbanas será de:
 - a. 20 km/h nas vías que dispoñan de plataforma única de calzada e beirarrúa.
 - b. 30 km/h nas vías dun único por sentido de circulación.
 - c. 50 km/h nas vías de dous ou máis carrís por sentido de circulación.

Para estes efectos non se contarán os carrís reservados para a circulación de determinados vehículos ou para uso exclusivo do transporte público.

2. Estas velocidades xenéricas poderán ser rebaixadas pola autoridade municipal coa sinalización específica. Con carácter excepcional poderase aumentar a velocidade en vías dun único carril ata a velocidade máxima de 50 km/h, coa sinalización específica.

3. Nas vías urbanas con dous ou máis carrís de circulación o transporte de mercadorías perigosas non poderá circular a máis de 40 km/h.

4. O límite xenérico de velocidade nas vías municipais fóra do núcleo urbano será de 50 km/h. Este límite poderá ser rebaixado por acordo da autoridade competente titular da vía, coa sinalización específica.

5. As persoas condutoras estarán obrigadas a respectar os límites establecidos e a ter en conta, ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e o estado da vía, do vehículo e da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación e cantas circunstancias concorran en cada momento, co fin de adaptar a elas a velocidade do vehículo de maneira que sempre poidan detelo dentro dos límites do seu campo de visión ante calquera obstáculo.

6. Con independencia do límite de velocidade establecido, as persoas responsables da condución deberán adoptar as máximas medidas de precaución e circular a velocidade moderada cos seus vehículos sempre que as circunstancias o aconsellen e en especial nos casos seguintes:

- Cando a calzada sexa estreita.
- Cando a calzada estea ocupada por obras ou algún atranco que dificulte a circulación.
- Cando a zona destinada ás persoas que se desprazan a pé as obrigue a circular moi próximas á calzada ou, se aquela non existe, sobre a propia calzada.
- Cando, en función da velocidade a que se circule, non exista suficiente visibilidade.
- Cando as condicións de rodaxe non sexan favorables, ben polo estado do pavimento ou por razóns meteorolóxicas.
- Cando se formen pozas de auga, lodo etc., que poidan salpicar.
- Nos cruzamentos ou interseccións en que non existen semáforos nin estea instalado un sinal que indique paso con prioridade.
- Ao atravesar zonas en que sexa previsible a presenza de nenos na calzada ou nas súas inmediacións. Analogamente, adoptaranse as mesmas precaucións a respecto de persoas anciás

ou con mobilidade reducida.

- Nos pasos peonís non regulados por semáforos cando se observe a presenza de persoas.
- Nos supostos en que, por razóns de natureza extraordinaria, se produza unha grande afluencia de persoas ou vehículos.
- Na saída ou entrada de inmobles, garaxes e estacionamentos que teñan os seus accesos pola vía pública.
- Nas proximidades de zonas escolares.
- Naqueloutros casos establecidos na lexislación sobre tráfico.

Artigo 23. Persoas responsables da condución

1. As persoas responsables da condución deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Ao se aproximaren a outras persoas usuarias da vía deberán adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, persoas anciás, invidentes ou outras con discapacidade ou con problemas de mobilidade.

2. As persoas que conduzan un vehículo están obrigadas a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e atención permanente á condución para garantir a súa propia seguridade, a do resto das persoas ocupantes do vehículos e a das demais usuarias da vía. Con este fin deberán coidar especialmente de que todas as ocupantes do vehículo manteñen unha posición axeitada e que os obxectos ou animais que transporten están adecuadamente colocados para que non se produzan interferencias na condución.

3. Queda prohibido conducir utilizando cascos ou auriculares conectados ou desconectados a aparellos receptores ou reprodutores de son, agás durante a realización das probas de aptitude en circuíto aberto para obter o permiso de condución nas condicións que estean determinadas regulamentariamente. Prohíbese tamén empregar dispositivos de telefonía móbil ou calquera outro medio ou sistema de comunicación mentres se conduce, agás cando a comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares ou instrumentos semellantes.

Quedan exentos desta prohibición os axentes da autoridade no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

4. As persoas que conduzan e o resto das ocupantes dos vehículos están obrigadas a utilizar cinto de seguridade, cascos e demais elementos de protección e dispositivos de seguridade nas condicións e coas excepcións que estean determinadas regulamentariamente. Os condutores profesionais, cando presten servizo público a terceiras persoas, non se considerarán responsables do incumprimento desta norma por parte dos demais ocupantes dos vehículos.

5. Queda prohibido circular con persoas menores de doce anos situadas nos asentos dianteiros do vehículo, agás que se utilicen dispositivos homologados para este fin. Asemade, queda prohibido circular con menores de tres anos nos asentos traseiros do vehículo agás que utilicen un sistema de suxeición homologado e adaptado ao seu talle e peso, coas excepcións que se establezan regulamentariamente.

6. Queda prohibido circular con persoas menores de doce anos como pasaxeiras de ciclomotores ou motocicletas, con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente, permitirase a partir dos sete anos sempre que vaian conducidos polo seu pai, nai, titora legal ou outra persoa maior de idade e autorizada para facelo, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.

7. Prohíbese instalar, acondicionar ou levar nos vehículos mecanismos, instrumentos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes de tráfico ou que emitan sinais con esa finalidade.

8. A persoa que conduza un vehículo deberá ter en conta que a superficie acristalada deste deberá permitirlle en todo caso ver de xeito diáfano a vía pola que circule, sen interferencia de láminas adhesivas. Non obstante, a colocación de láminas ou adhesivos nos vehículos permitirase cando o vidro estea homologado coa lámina correspondente e no caso dos adhesivos que acrediten a inspección técnica e as zonas de estacionamento restrinxido.

Artigo 24. Bebidas alcohólicas, substancias estupefacientes e semellantes

1. Non poderá circular polas vías obxecto desta ordenanza quen conduza un vehículo con taxas de bebidas alcohólicas, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas superiores ás regulamentariamente establecidas.

2. Todas as persoas que condúzan un vehículo estarán obrigadas a someterse ás probas que se establezan para a detección das posibles intoxicacións por alcohol. Igualmente, quedan obrigadas as demais persoas usuarias da vía cando estean implicadas nalgún accidente de circulación.

As probas para detectar a posible intoxicación por alcohol serán practicadas polos axentes da Policía Local ou da Garda Civil e consistirán normalmente na verificación do aire respirado mediante alcoholímetros autorizados para determinar forma cuantitativa o grao de impregnación alcohólica das persoas interesadas. Estas probas levaranse a cabo consonte o establecido no Regulamento xeral de circulación e a lexislación complementaria.

3. A detección das demais substancias realizarase ao abeiro das normas aplicables e sometemento ás probas será obrigatorio para as persoas que condúzan un vehículo.

4. A Policía Local realizará controis preventivos de alcoholemia naquelas vías ou lugares onde observe un significativo aumento da velocidade ou infraccións contra as normas de circulación e naqueles casos en que sexan ordenados pola autoridade municipal ou o xefatura do servizo.

Artigo 25. Persoas a pé

1. As persoas que se despracen a pé deberán facelo polas beirarrúas, paseos e plataformas destinadas a elas. Excepcionalmente, poderán circular pola calzada sempre que adopten as debidas precaucións e non produzan perturbacións graves na circulación, nos supostos seguintes:

- a. Cando leven obxectos voluminosos que poidan constituír, se circulan pola beirarrúa, un estorbo de importancia para as demais persoas.
- b. Os grupos dirixidos por unha persoa ou que formen un cortexo.
- c. As persoas con mobilidade reducida que se despracen nunha cadeira de rodas.

2. As persoas que utilicen monopatíns, patíns ou aparellos semellantes non poderán circular pola calzada, salvo que se trate de zonas, vías ou partes destas que estean especialmente destinadas a ese

uso e só poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas ou polas rúas residenciais debidamente sinalizadas. En ningún caso se permite que sexan arrastrados por outros vehículos.

3. En ningún caso os vehículos poderán circular polas beirarrúas nin polas demais zonas peonís, agás no suposto de usos compartidos con bicicletas que estean debidamente sinalizados.

4. Cando non existan zonas peonís, as persoas a pé circularán pola esquerda da calzada, con prudencia, sen entorpecer innecesariamente a circulación, polo lugar máis afastado do seu centro e marchando unhas detrás das outras, salvo en caso de que formen un cortexo ou cando se trate de persoas con mobilidade reducida que se despracen en cadeira de rodas que o farán pola dereita e de acordo cos sinais dirixidos aos vehículos no que lles sexan aplicables.

5. En zonas onde existen pasos peonís, as persoas que se dispoñan a atravesar a calzada deberán facelo precisamente por eles, sen cruzaren polas proximidades. Cando os pasos sexan a nivel observaranse, ademais, as regras seguintes:

- a. Nos pasos regulados por semáforos deberán obedecer as indicacións das luces, non penetrando no paso ata que o sinal o autorice.
- b. Nos pasos regulados por axentes deberán, en todo caso, obedecer as súas indicacións.
- c. Nos restantes pasos peonís sinalizados mediante a correspondente marca viaria, aínda con preferencia, só deben penetrar na calzada cando a distancia e a velocidade dos vehículos que se aproximen permitan facelo con seguridade.

6. Cando non exista paso peonil sinalizado nun radio de acción de 50 metros, cruzarán polas esquinas, en dirección perpendicular ao eixe da vía e despois de comprobar que poden facelo sen risco e sen entorpecer indebidamente.

Artigo 26. Animais

1. Prohíbese a circulación de animais de tiro, carga ou sela, cabezas de gando illadas ou en rabaño, en todo o núcleo urbano, agás autorización puntual por razóns turísticas, relixiosas ou culturais.

2. Igualmente prohibese a circulación de vehículos de tracción animal polas vías urbanas sen autorización municipal previa.

3. Os demais usos e o comportamento de animais na vía pública deberá cumprir o establecido na ordenanza correspondente.

Artigo 27. Bicicletas

A. Normas xerais

1. Poderase circular en grupo formando unha columna de dúas como máximo agás que as circunstancias do tráfico ou as condicións de visibilidade non o permitan.

As bicicletas circularán na calzada, segundas determinación e coas condicións previstas na normativa de tráfico e circulación de vehículos.

Cando as bicicletas circulen pola calzada poderán arrastrar un remolque ou semirremolque, tanto de día como de noite, para o transporte de todo tipo de vultos e animais en dispositivos debidamente certificados ou homologados, coas limitacións de peso que teñan estipuladas.

Cando a sinalización da rúa o indique, as bicicletas poderán circular en dous sentidos en vías dun único sentido de circulación..

As bicicletas poden adiantar vehículos parados, preferiblemente pola esquerda e sen interferir no tráfico en sentido contrario, co fin de acceder ás plataformas semaforicas especialmente deseñadas para elas.

As bicicletas poderán transportar; cando a persoa que as conduza sexa maior de idade e baixo a súa responsabilidade, persoas en asentos adicionais ou remolques axustados a elas, debidamente certificados e homologados e coas limitacións de peso que estes dispositivos estipulen.

2. Nos itinerarios ciclistas sinalizados e nas zonas de prioridade peonil poderán circular bicicletas sempre que respecten a sinalización existente, a preferencia de paso das persoas que se despraza a pé e a

velocidade máxima de 20 km/h. En todo caso, deberán manter unha distancia de seguridade dun metro ou superior ao cruzárense con outras persoas.

3. Cando se delimiten carrís reservados para bicicletas e se sinalicen especificamente como carril bici, as bicicletas circularán por eles, respectando a sinalización e ordenación do tránsito e as normas de prioridade de paso previstas para o resto dos vehículos.

Cando o carril reservado ás bicicletas estea situado na calzada, as persoas que vaian a pé poderán cruzalo pero non ocupalo nin camiñar por el. Fóra dos pasos peonís convenientemente sinalizados, a preferencia de paso será para as bicicletas. Nestas vías, unicamente utilizadas por persoas en bicicleta ou en patíns, a velocidade máxima non excederá de 20 km/h e deberá adaptarse, en todo caso, ás condicións e intensidade de uso.

4. Tanto as bicicletas como as persoas que as conduzan deberán ser visibles en todo momento. Pola noite levarán luces e elementos reflectantes debidamente homologados, diante de cor branca e detrás de cor vermella, de xeito que permitan a súa correcta visualización polas demais persoas usuarias da vía. Por cuestións de seguridade é recomendable utilizar casco de protección.

5. En ningún caso as bicicletas poderán circular polos carrís reservados aos vehículos de transporte público urbano colectivo.

B. Interacción entre bicicletas e vehículos a motor

1. Os condutores de bicicletas terán prioridade de paso a respecto dos vehículos a motor:

- a. Cando circulen por un carril bici, un paso para ciclistas ou unha beiravía debidamente sinalizados.
- b. Cando, para entrar noutra vía, o vehículo a motor xire á dereita ou á esquerda, nos supostos permitidos, e atope un ciclista nas súas proximidades.
- c. Cando, circulando en grupo, o primeiro xa iniciou o cruzamento ou xa entrou na glorieta.

No resto dos supostos serán aplicables as normas xerais de prioridade de paso entre vehículos.

2. Os vehículos motorizados que teñan que adiantar un ciclista farano extremando as precaucións e cambiando, se é posible, de carril de circulación ou deixando un espazo lateral mínimo de 1,5 metros entre a bicicleta e o vehículo. Ao circularen detrás dunha bicicleta manterán unha distancia de seguridade prudencial de polo menos 3 m.

3. Os vehículos a motor e ciclomotores non poderán circular, estacionar nin deterse nos carrís reservados para bicicletas.

C. Estacionamento de bicicletas

As bicicletas terán que estacionar preferentemente nos lugares habilitados, deixando libre en todos os casos un espazo mínimo de 1.50 metros para cumprir os parámetros de accesibilidade.

De non haber prazas de aparcamento gratuítas, poderán amarrarse a elementos do mobiliario urbano sempre que non afecten, nin alteren a súa función ou impidan o tránsito peonil, a accesibilidade ou a circulación de vehículos; agás nos postes de iluminación, semáforos, bancos e papeleiras. Tampouco poderán amarrarse ás árbores.

Prohíbese o estacionamento de bicicletas:

- a. Nas árbores, postes de iluminación, semáforos, bancos e papeleiras.
- b. Ante zonas con reserva de carga e descarga na calzada en horario dedicado a esta actividade, agás as destinadas ao reparto de mercadorías.
- c. En zonas de estacionamento para persoas con discapacidade.
- d. En zonas de estacionamento expresamente reservadas a servizos de urxencia e seguridade, centros ou instalacións públicas.
- e. Ante as saídas de emerxencia de locais destinados a establecementos de pública concorrencia, durante as horas de actividade.
- f. En paradas de transporte público.
- g. En pasos peonís.
- h. Nos espazos habilitados para o estacionamento de bicicletas públicas de préstamo.
- i. Nos elementos ancorados nas fachadas.

D. Abandono de bicicletas

Considerarase que unha bicicleta foi abandonada e será retirada polos servizos municipais correspondentes cando o seu deterioro impida o uso e especialmente cando estando amarrada dificulte a circulación de vehículos ou persoas ou produza un dano o mobiliario ou ao patrimonio público. Neste caso, a persoa interesada poderá recuperar a bicicleta trasladada ao depósito municipal unha vez satisfeita a taxa establecida.

Artigo 28. Vehículos en servizos de urxencia

1. Os vehículos de servizos de urxencia, públicos ou privados, terán prioridade de paso sobre os demais vehículos e as persoas usuarias da vía cando se atopen realizando un servizo deste carácter. Nestes casos deberá utilizar os sinais ópticos ou acústicos para que o resto das persoas que se atopen na vía poidan recoñecer esta circunstancia.

Poderán circular por encima dos límites de velocidade establecidos e estarán exentos de cumprir outras normas ou sinais, agás as dos axentes. Deben garantir, en todo caso, a seguridade das persoas usuarias da vía baixo a súa exclusiva responsabilidade.

2. En circunstancias especiais en que non se poida recorrer a outros medios, quen conduza un vehículo non prioritario poderá realizar servizos de urxencia sempre que advirta ás demais persoas usuarias da vía a especial situación, utilizando para iso o avisador acústico en forma intermitente e conectando a luz de urxencia, se dispuxese dela, movendo un pano ou cun procedemento similar.

En calquera momento, os axentes da autoridade poderán esixir a xustificación do servizo e deberán denunciar as infraccións detectadas.

Artigo 29. Supostos especiais do sentido da circulación

1. Cando sexa conveniente por razóns de seguridade ou de fluidez da circulación, a autoridade municipal poderá ordenar outro sentido de circulación; prohibir total ou parcialmente o acceso a partes da vía, con

carácter xeral ou para determinados vehículos ou usuarios; pechar determinadas vías; dispor o seguimento obrigatorio de itinerarios concretos ou autorizar a circulación por beiravías ou carrís en sentido oposto ao normalmente previsto.

2. Para non entorpecer a circulación e garantir a súa fluidez, poderanse impoñer restricións ou limitacións a determinados vehículos ou para vías concretas, que serán obrigatorias as persoas afectadas.

CAPÍTULO V. PARADA E ESTACIONAMENTO

Artigo 30. Normas xerais de paradas e estacionamentos

Para os efectos desta ordenanza enténdese por:

- a. **Detención**, a inmovilización dun vehículo por emerxencia, necesidades da circulación ou cumprimento dalgún precepto regulamentario.
- b. **Parada**, toda inmovilización dun vehículo por un tempo inferior a dous minutos para subir ou baixar persoas ou cargar ou descargar obxectos.
- c. **Estacionamento**, a inmovilización dun vehículo que non se encontra en situación de detención ou parada.

Artigo 31. Parada

1. Enténdese por parada toda detención dun vehículo con obxecto de tomar ou deixar persoas ou de cargar ou descargar mercancías durante un tempo que non exceda de dous minutos e sen que a persoa que conduce o abandone. Non se considerará parada a detención accidental e momentánea por necesidades da circulación.

2. A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto das persoas usuarias da vía e coidando especialmente a súa colocación. En todo caso, a parada terá que facerse achegando o coche á beirarrúa da dereita segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun único sentido de circulación tamén se poderá facer á esquerda. Os pasaxeiros terán que baixar

polo lado correspondente á beirarrúa e quen conduza, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure que non implica ningún tipo de perigo.

3. En calquera zona ou vía pública, a parada deberá realizarse nos onde menos dificultades ocasione á circulación. Nas rúas con chafrán, farase xustamente neste espazo, sen sobresaír da aliñación dos bordos. Exceptúanse os casos en que os pasaxeiros sexan persoas enfermas, con discapacidade ou con mobilidade reducida, ou cando se trate de servizos públicos de urxencia ou de camións do servizo de limpeza ou recollida de lixo. Nas rúas urbanizadas sen beirarrúa deixarase unha distancia mínima dun metro desde a fachada máis próxima.

4. Os auto-taxis e os vehículos de gran turismo pararán na forma e lugares que estean delimitados para eles, onde se incluírán as paradas antiacoso. De non estar formalizada a parada, terán que efectuala suxeitándose estritamente ás normas que con carácter xeral establece esta ordenanza para as paradas.

5. Os autobuses, tanto de liñas urbanas como interurbanas, unicamente poderán deixar e tomar viaxeiros nas paradas expresamente determinadas ou sinalizadas pola autoridade municipal.

6. A autoridade municipal, no ámbito da súa competencia, poderá requirir das persoas titulares de centros docentes con servizo de transporte escolar que propoñan itinerarios para a recollida do alumnado. Unha vez valoradas as propostas, o Concello fixará paradas dentro de cada ruta, fóra das cales queda prohibida a recollida de alumnado.

Artigo 32. Prohibición de parada

Prohíbense as paradas nos casos e lugares seguintes:

1. Nos lugares prohibidos que estean sinalizados regulamentariamente.
2. Cando produzan obstrución ou perturbación grave na circulación de vehículos ou persoas.
3. En dobre fila.
4. Sobre os refuxios, illas, medianas, zonas de protección e demais elementos que canalizan o tráfico.
5. Cando se obstaculice a utilización normal dunha entrada ou saída de vehículos ou persoas. Así como cando a pasaxe teña o correspondente sinal.

6. Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de persoas.
7. En interseccións e nas súas proximidades, agás que a parada se poida realizar en chafráns ou fóra destes sen constituír obstáculo ou causar perigo para a circulación.
8. Nas pontes, pasos a nivel, túneles e debaixo dos pasos elevados, agás sinalización en contra.
9. Nos lugares onde a se impida a visión de sinais de tráfico ás persoas a que vaian dirixidas.
10. Na proximidade de curvas ou cambios de rasante cando a visibilidade sexa insuficiente para que os demais vehículos poidan sobrepasar sen perigo o que estea detido.
11. Nas paradas debidamente sinalizadas para vehículos de servizo público, organismos oficiais e servizos de urxencia.
12. Nos carrís reservados á circulación ou ao servizo de determinados usos como autobuses de transporte público ou taxis.
13. Nos rebaixes da beirarrúa para o paso de persoas con mobilidade reducida.
14. Nos pasos ou carrís reservados exclusivamente para o uso de ciclistas.
15. Nas vías públicas declaradas de atención preferente mediante decreto da concellaría competente, agás que a parada se poida realizar nos chafráns.

Artigo 33. Estacionamentos

1. Enténdese por estacionamento toda inmovilización dun vehículo cando non se encontre en situación de detención ou parada, sempre que non estea motivada por imperativo da circulación ou polo cumprimento de calquera requisito regulamentario.
2. O estacionamento deberá efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto das persoas usuarios da vía, coidando especialmente a súa colocación e evitando que poida poñerse en movemento en ausencia de quen o conduce. Para isto, a persoa que conduza o vehículo tomará as precaucións axeitadas e suficientes e será responsable das infraccións que se poidan producir como consecuencia dun cambio de situación do vehículo ao poñerse en marcha espontaneamente ou pola acción doutras persoas, agás que, neste último caso, existira violencia manifesta.
3. O estacionamento efectuarase de xeito que permita ás demais persoas a mellor utilización do espazo libre.

4. Como norma xeral, o estacionamento farase sempre en fila. A excepción a esta norma terase que estar sinalizada expresamente.

Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.

5. Nas vías de dobre sentido de circulación estacionarase, cando non estea prohibido, no lado dereito do sentido da marcha.

Nas vías dun único sentido de circulación e sempre que non exista sinal en contra, poderase estacionar nos dous lados da calzada deixando unha anchura para a circulación non inferior a tres metros.

6. Os vehículos deberán quedar tan preto do bordo como sexa posible, deixando un espazo non superior a 20 centímetros entre a beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo para permitir a limpeza desta parte da calzada.

7. Non se poderán estacionar nas vías públicas os remolques separados do vehículo motor, nin os vehículos de transporte de mercadorías ou viaxeiros, salvo nos espazos establecidos e sinalizados para esta finalidade.

8. A autoridade municipal poderá fixar zonas na vía pública para estacionamento ou para utilización como paradas en liña de autobuses de servizo urbano ou interurbano.

Artigo 34

1. Non se poden estacionar vehículos en todo o ámbito da Cidade Histórica, agás os dedicados ao abastecemento das áreas comerciais, entre as 7.00 e as 9.00 horas, por un período máximo de 30 minutos e nas rúas e prazas que se relacionan no anexo II deste documento.

2. O estacionamento de vehículos no interior da cidade está limitado en canto a tempo nas zonas e coas condicións establecidas na Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do aparcamento e aparcamento de residentes e nesta mesma ordenanza.

Artigo 35

O Concello establece as medidas de estacionamento limitado co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, a protección do patrimonio histórico, en seu caso, e a doutros usos da vía pública.

1. Os estacionamentos regulados e con horario limitado, que coexistirán cos de libre utilización, suxeitaranse ás determinacións seguintes:

- a. Será necesario obter un comprobante horario (ben en papel ou a través da aplicación que se habilite) ou unha autorización de residencia autorizada, coa forma e as características que fixe esta Administración.
- b. A persoa que conduza o vehículo estará obrigada a colocar o comprobante nun lugar da parte interna do parabrisas que sexa totalmente visible desde o exterior ou a obter a autorización a través da aplicación que se habilite.

2. Queda eliminado o aparcamento de vehículos nas rúas incluídas dentro do perímetro peonil, agás os das persoas residentes, que poderán acceder á zona entre as 20.30 e as 8.30 horas en días laborables nos meses de setembro a maio, entre as 21.30 e as 8.30, nos meses de xuño, xullo e agosto, e ata as 10.30 horas en festivos. As persoas residentes poderán aparcar o seu vehículo nas zonas habilitadas para este fin, segundo o anexo II deste documento.

3. Para os efectos deste artigo, as persoas residentes na zona peonil deberán solicitar no Departamento de Tráfico a oportuna autorización, na que se lles sinalarán os puntos de entrada e saída. Poderán obter a acreditación de residentes permanentes as persoas físicas que reúnan os requisitos que a continuación se sinalan:

- a. Que o seu domicilio segundo o Padrón municipal de habitantes estea dentro da zona peonil.
- b. Que acrediten a titularidade do vehículo mediante permiso de circulación e que se atope dado

de alta no mesmo domicilio que a persoa titular.

- c. Que acrediten estar ao corrente do pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica no Concello de Santiago.
- d. Non ter pendentes de pagamento multas de tráfico por resolución firme deste Concello.

4. As persoas que por razóns de enfermidade ou discapacidade e outras que con motivos xustificados precisen acceder a esta zona fóra do horario ou en condicións diferentes das establecidas deberán solicitalo no Rexistro do Concello, se a situación ten carácter de permanencia, ou mediante correo electrónico ao enderezo dptotrafico@santiagodecompostela.gal, se é unha necesidade puramente conxuntural.

No primeiro caso, outorgarase unha autorización que permitirá á persoa interesada o paso e a parada na zona con circulación prohibida ou restrinxida, nas condicións que se sinalen e, no segundo, contestarase a solicitude por correo electrónico.

Artigo 36. Constituirán infraccións específicas contra o estacionamento limitado:

- a. Estacionar nos lugares con limitación horaria sen colocar perfectamente visible o distintivo válido que o autoriza.
- b. Cando, colocado o distintivo, se manteña estacionado o vehículo máis tempo do permitido polo propio distintivo ou pola ordenanza municipal.

Artigo 37.

Queda prohibido o estacionamento nos casos e lugares que se detallan a seguir.

1. En calquera vía pública, cando o vehículo permaneza estacionado:

- a. Para a súa venda. Considérase nesta situación cando concorre algunha destas circunstancias: que en calquera lugar do vehículo se atope colocado un cartel no que se anuncie a súa venda ou a de calquera outro; que se atope estacionado outro vehículo co mesmo cartel a unha distancia inferior a 25 m; que o estacionamento se realice durante un tempo superior a 24

horas.

- b. Con fins publicitarios, durante un tempo superior a 24 horas.
- c. Cando se proceda efectúen actividades de venda ambulante non autorizadas.
- d. Para un arranxo non puntual do vehículo na vía pública.

2. O estacionamento de caravanas, autocaravanas ou vehículos semellantes cando ocupen máis superficie paradas que en marcha ou se pretendan utilizar como lugar habitable con certa vocación de permaneza, por terse despregado toldos, colocado mobiliario na vía pública ou se estean a producir emisións ou fluídos.

3. Toda clase de vehículos que superen os 3.500 kg en vías do núcleo urbano, agás nas zonas industriais autorizadas.

4. No interior do núcleo urbano aos vehículos destinados ao transporte de mercadorías perigosas, tendo esta consideración os que transporten substancias incluídas na lexislación sobre o transporte de mercadorías perigosas por estrada.

5. Nos lugares onde o prohiban os sinais correspondentes.

6. Onde estea prohibida a parada.

7. Nun mesmo lugar da vía pública durante máis de 48 horas consecutivas, para o que só se computarán os días hábiles.

8. En dobre fila en calquera suposto.

9. Nas zonas sinalizadas como reservadas para carga e descarga de mercadorías.

10. Nas zonas reservadas para o estacionamento de vehículos de servizo público, organismos oficiais, delegacións diplomáticas, servizos de urxencias ou policía e nas zonas de seguridade.

11. Diante dos accesos a edificios destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas de celebración destes xa que con isto diminúense as facilidades para a saída masiva de persoas en caso de emerxencia.
12. Cando a distancia entre o vehículo estacionado e o bordo oposto da beirarrúa, calzada ou marca lonxitudinal sobre esta, deixe para a circulación rodada unha anchura libre inferior á dun carril de 3 metros.
13. Nas rúas de dobre sentido de circulación cunha anchura da calzada que só permita o paso de dúas columnas de vehículos.
14. Cando se obstaculice a utilización normal do paso a inmoables de vehículos ou persoas.
15. Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas con mobilidade reducida.
16. En condicións que dificulten a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.
17. Diante das pasaxes correctamente sinalizadas, total ou parcialmente.
18. Nos carrís reservados á circulación de determinadas categorías de vehículos.
19. Nos lugares reservados exclusivamente para a parada de vehículos
20. Nos lugares sinalizados temporalmente por obras, actos públicos ou manifestacións deportivas.
21. Nos lugares habilitados pola autoridade municipal para o estacionamento con limitación horaria, sen colocar o distintivo válido que o autoriza.
22. Nos lugares habilitados pola autoridade municipal para o estacionamento con limitación horaria cando se exceda o tempo máximo permitido pola ordenanza reguladora desta clase de aparcamentos.
23. Diante dos lugares reservados para colectores do servizo municipal de limpeza.

24. Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso peonís.

25. En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade.

26. A autobuses, autocaravanas, remolques, tractores, vehículos especiais en todo o núcleo urbano, salvo nos lugares habilitados para facelo, e aos furgóns e demais vehículos voluminosos que, sen prexuízo da súa masa máxima autorizada, oculten fachadas de edificios ou dificulten o acceso ao seu interior.

Artigo 38. Estacionamento de autobuses do transporte regular de uso xeral e o transporte público discrecional de uso especial ou por vehículos con autorización específica.

Permítese unicamente nos espazos reservados para este uso, dentro do recinto da Estación Intermodal e nos espazos específicos que se habiliten, debidamente sinalizados e recollidos no plano que se incorpora a esta norma como anexo IV.

Artigo 39. Estacionamento de vehículos para carga e descarga de mercadorías

A autoridade municipal establecerá e sinalizará zonas para a realización das operacións de carga e descarga distinguindo, por unha banda, o réxime especial da Cidade Histórica que se regula no anexo II desta norma e, por outra, o resto da cidade.

O horario de carga e descarga establécese con carácter xeral desde as 7.00 ata as 10.00 horas, agás no Cidade Histórica que terá o seu propio horario segundo se determina no anexo II desta norma e tamén nos supostos específicos que se farán constar no sinal correspondente.

CAPITULO VI. CARGA E DESCARGA

Artigo 40. Normas para os labores de carga e descarga

Os labores de carga e descarga rexeranse polas seguintes normas:

1. Con carácter xeral, quedan terminantemente prohibidos realizar a carga e descarga fóra do horario e das zonas habilitadas para este fin.
2. Non están suxeitos á limitación horaria anterior os vehículos cunha MMA inferior a 3,5 t, que non excedan de 2 metros de anchura e 5 de lonxitude, se ben cando actúen fóra do horario previsto deberán facelo con total respecto ás normas de tráfico. Con este fin poderán establecerse zonas específicas especializadas para a carga e descarga deste tipo de vehículos.
3. Nas operacións de carga e descarga observaranse as prescricións seguintes:
 - a. Os vehículos autorizados poderán empregar os espazos reservados exclusivamente mentres duren as operacións e por un tempo que non exceda de 30 minutos.
 - b. As operacións de carga e descarga realizaranse nas zonas reservadas para este uso, agás nos casos en que a distancia co espazo reservado máis próximo exceda de 75 metros na mesma beirarrúa ou de 50 na outra.
 - c. Cando, por non existiren espazos reservados, sexa necesario realizar estes labores noutros, respectando as normas de tráfico.
4. Os vehículos que pola súa natureza ou pola da súa carga non se poidan axustar ao contido desta epígrafe deberán formular unha solicitude razoada, para cada caso, ao Departamento de Tráfico, que poderá autorizar o seu acceso, fixando día, hora e percorrido.
5. Aqueles vehículos que na realización de tarefas de carga e descarga superen o tempo máximo autorizado de 30 minutos poderán ser inmovilizados ou retirados polos axentes da autoridade mediante o emprego de elementos mecánicos idóneos.
6. Os labores de carga e descarga realizaranse en vehículos dedicados ao transporte de mercadorías ou naqueles que estean debidamente autorizados para facelo, dentro das zonas reservadas e durante o horario establecido e reflectido nas sinalizacións correspondentes.
7. A carga e descarga de mercadorías realizarase:

- a. Preferentemente no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas e cando as características de acceso ás vías o permitan.
- b. En zonas reservadas para este fin, dentro do horario reflectido na sinalización correspondente.
- c. Unicamente se permitirá a carga e descarga fóra das zonas reservadas nos días, horas e lugares que estean especificamente autorizados.

8. A Alcaldía ou, por delegación, a concellaría competente en materia de mobilidade poderá ditar disposicións que versen sobre as seguintes materias:

- Sinalización de zonas reservadas para a carga e descarga, nas que será de aplicación o réxime especial dos estacionamentos regulados e con horario limitado.
- Delimitación das zonas de carga e descarga.
- Delimitación do peso e dimensións dos vehículos para determinadas vías da cidade.
- Horario permitido para realizar as operacións de carga e descarga, en relación coa problemática propia nas diferentes vías e barrios da cidade.
- Servizos especiais para realizar operacións de carga e descarga, con expresión de días, horas e lugares.
- Autorizacións especiais para camións de 12 toneladas ou máis, vehículos que transporten mercadorías perigosas ou outras.

9. Os camións de transporte superior a 12 toneladas poderán descargar exclusivamente nos seguintes lugares:

- a. Intercambiadores de mercadorías ou lugares autorizados polo Concello.
- b. No interior de locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas e utilizando traxectos previamente autorizados.
- c. En casos específicos en que a operación de carga e descarga non poida acollerse ao anterior poderá outorgarse unha autorización especial.

10. As mercadorías ou materiais que sexan obxecto de carga e descarga non poderán deixarse na vía pública senón que se trasladarán directamente do inmovible ao vehículo ou viceversa, agás en casos excepcionais que deberán ser expresamente autorizados e contar coa preceptiva licenza para ocupar a vía

pública, atendendo en todo caso ás condicións que determina a Ordenanza de regulación e balizamento de obras que se realizan na vía pública.

11. As operacións de carga e descarga terán que realizarse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obriga de deixar limpa a vía pública.

12. As mercancías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios e o persoal suficiente para axilizar a operación e procurando non dificultar a circulación de persoas e vehículos. Se pode xerarse algún perigo para as persoas que circulen pola vía, o vehículo deberá sinalizarse debidamente mentres se realice a carga ou descarga.

13. Nas zonas habilitadas para carga e descarga non poderán permanecer estacionados vehículos non autorizados ou que non estean realizando esta actividade.

14. As operacións deberán efectuarse con persoal suficiente para rematalas o máis rapidamente posible. O límite de tempo autorizado para cada operación é, con carácter xeral, de 30 minutos. Excepcionalmente e para unha operación concreta, poderase autorizar un período maior de tempo logo da solicitude debidamente xustificada.

15. Para facilitar o control do tempo máximo na realización de cada operación de carga ou descarga poderá establecerse como obrigatoria a exhibición da hora de inicio, que se colocará no parabrisas do vehículo de tal maneira que quede totalmente visible de acordo coas instrucións que, de ser o caso, dite a Alcaldía ou, por delegación, a concellaría competente no ámbito da mobilidade.

Para estes efectos, o Concello poderá instalar máquinas expendedoras de billetes coa hora de inicio do aparcamento para carga e descarga ou establecer outro sistema de control considerado máis axeitado.

Transcorrido o tempo autorizado, non poderá encontrarse estacionado na zona de carga e descarga ningún vehículo pechado sen condutor que non realice as operacións propias do aparcamento. Neste caso e para todos os efectos considerarase como non autorizado, podendo incluso ser retirado ou inmovilizado con independencia da sanción que corresponda.

Artigo 41. Carga e descarga de formigón e material de obras

1. Os labores de carga e descarga de materiais de obra e formigón rexeranse polas seguintes normas:

- a. As operacións deberanse realizar no interior do recinto da obra.
- b. De non ser posible, a persoa titular da licenza de obra deberá solicitar a correspondente reserva de estacionamento e o permiso para ocupar a vía pública.
- c. Quen conduza os camións e as responsables das obras deberán coidar de que as rodas daqueles estean limpas de lama antes de acceder á vía pública e de que esta quede tamén limpa.

2. Requirirase autorización específica:

- a. Para as operacións realizadas fóra do horario de carga e descarga.
- b. Cando polas características da zona se entorpeza a circulación ou o vehículo non estea autorizado para circular.

Artigo 42. Carga de combustible

A carga de carburantes e combustibles farase nas instalacións establecidas para este fin ao abeiro do Regulamento nacional de transporte de materias perigosas por estrada aprobado polo Real decreto 97/2014 do 14 de febreiro.

A subministración de combustible para uso de edificios da cidade deberase facer no horario determinado polo Departamento de Tráfico, reservando o lugar axeitado na vía pública para o estacionamento do vehículo cunha antelación máxima de dúas horas e poñendo valos portátiles con carteis nos que conste a lenda "Descarga de combustible", que retirará a propiedade do edificio tras a descarga.

CAPÍTULO VII. TRANSPORTE DE VIAXEIROS

Artigo 43. Transporte urbano

1. A planificación, xestión e control deste servizo é competencia exclusiva do Concello de Santiago, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85 de bases do réxime local, 80 e 81 da Lei de administración local de Galicia e demais normativa estatal e autonómica vixente.
2. Constituirá un servizo público o transporte colectivo urbano de viaxeiros na cidade de Santiago, ao que terá dereito toda a cidadanía nas condicións que se determinan, xestionado directamente ou a través de calquera dos sistemas previstos na normativa vixente.
3. O Concello establecerá e aprobará, sen prexuízo da aprobación definitiva por parte do órgano competente, de ser o caso, as tarifas, itinerarios, frecuencias e paradas do transporte urbano.
4. O transporte de viaxeiros dentro do núcleo urbano será realizado por autobuses do servizo municipal ou da empresa concesionaria, contratada, ou encargada mediante convenio ou concerto. Os lugares de parada destes vehículos serán fixados polo Concello e sinalizados con pintura no pavimento ou mediante un sinal vertical con indicación da liña, percorrido e parada. Estas paradas, que poderán suprimirse ou modificarse en razón do interese público e non darán lugar a recoñecemento de ningún dereito subxectivo, serán utilizadas exclusivamente polos vehículos de transporte regular urbano de uso xeral, de transporte público discrecional de uso especial como o de escolares, persoal dunha empresa, militares ou grupos homoxéneos semellantes, autorizados para este fin, ou por vehículos con autorización específica.

Artigo 44. Transporte regular interurbano de uso xeral de viaxeiros

1. O outorgamento das concesións e licenzas para o transporte regular interurbano de uso xeral é competencia da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, que establecerá os horarios, itinerarios e paradas fóra do núcleo urbano, tanto do transporte regular como do discrecional.
2. As condicións dos vehículos, autorizacións dos transportistas, requisitos para a súa conducción, obrigas das persoas usuarias etc., ateranse ao disposto no título III da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que establece a ordenación do sistema de transporte público regular de uso xeral de viaxeiros de Galicia e completa a regulación do Plan de transporte público de Galicia.

3. O Concello de Santiago establecerá os itinerarios e paradas no ámbito urbano das concesións e licenzas existentes, salvagardando en todo momento o interese público e a calidade da circulación.

4. O tránsito polas vías públicas urbanas someterase ás normas contidas nesta ordenanza.

Artigo 45. Uso da Estación Intermodal

Establécese con carácter obrigatorio o uso da Estación Intermodal como cabeceira e fin das liñas que presten os seus servizos entre a cidade de Santiago e outros municipios.

As empresas concesionarias deste transporte deberán empregar necesariamente a Estación Intermodal en todos os seus servizos, agás nos exentos desta obriga de acordo co establecido na normativa vixente ou no Regulamento de uso da Estación Intermodal. Xa que logo, prohíbense as paradas dentro do núcleo urbano dos vehículos adscritos ás liñas regulares de transporte colectivo de viaxeiros do servizo interurbano.

En caso de convenios ou acordos polos que a Corporación Municipal autorice o establecemento de paradas de liñas regulares ou discrecionais, estas non darán lugar a ningún dereito subxectivo máis alá do prazo e nos estritos termos fixados no propio acordo ou convenio, entendéndose expresamente suprimidas ao finalizar este salvo prórroga expresa.

Artigo 46. Transporte público discrecional de uso especial. Disposicións xerais.

1. Terá a consideración de transporte público discrecional de uso especial o realizado por vehículos que sirvan exclusivamente a un grupo específico de persoas usuarias, tales como escolares, persoal dunha empresa ou grupos homoxéneos similares.

2. Para realizar este tipo de transporte será necesario que os vehículos con que se leve a cabo estean amparados ademais pola concesión ou autorización especial para o transporte regular que en cada caso corresponda de acordo coas disposicións 1ª e 2ª do capítulo II, da Lei de ordenación dos transportes terrestres e co disposto no título III da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de

ordenación, que establece a ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros de Galicia e completa a regulación do Plan de transporte público de Galicia.

Artigo 47. Paradas

As paradas serán as establecidas pola autoridade municipal. As empresas autorizadas poderán empregalas co fin de subir ou baixar viaxeiros e sen efectuar nelas un estacionamento nin a carga ou descarga de vultos e mercadorías.

O Concello poderá concertar ou asinar convenios coa administración competente ou, individualmente, coas empresas titulares das concesións para habilitar ou autorizar novas paradas para garantir unha mellor prestación do servizo.

Artigo 48. Normas específicas do transporte público discrecional regular de uso escolar ou outros grupos homoxéneos.

1. Para realizar o transporte público discrecional regular de escolares, persoal de empresas ou outros grupos homoxéneos dentro do termo municipal, agás o que sexa competencia da Xunta de Galicia, será necesario que tanto os centros escolares como as persoas transportistas conten con autorización municipal, para o que, coa debida antelación, deberán presentar no Concello as rutas, os horarios, e a documentación dos vehículos que se utilicen para prestar o dito servizo.

2. Por razóns de tráfico ou de interese público en xeral, o Concello, cos informes técnicos correspondentes, poderá modificar os itinerarios e rutas propostos na autorización que outorgue, tanto inicialmente como durante o curso escolar.

3. As empresas dedicadas ao transporte público discrecional regular de uso especial destinado a servir exclusivamente a un grupo específico de usuarios, tales como escolares, traballadores ou grupos homoxéneos semellantes en centros privados dentro do núcleo urbano deberán utilizar, excepto autorización expresa noutro sentido, as mesmas paradas e percorridos que o transporte público regular de uso xeral. O Concello co fin de coordinar os percorridos, ordenar as paradas e facilitar a fluidez do tráfico, fixará nunha resolución razoada as condicións en que se deberá efectuar o transporte solicitado.

As empresas deberán velar polo cumprimento da normativa de carácter xeral sobre seguridade no transporte escolar.

CAPÍTULO VIII. TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

Artigo 49. Mercadorías perigosas

Terán a consideración de mercadorías perigosas aquelas cun contido susceptible de inflamarse, explotar, producir corrosión ou calquera acción química que poida ocasionar deterioro da saúde das persoas ou danos ás cousas.

Artigo 50. Transporte de mercadorías perigosas

O transporte de mercadorías perigosas someterase ao establecido no Real decreto 97/2014, do 14 de febreiro, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada no territorio español e nas normas de carácter xeral e autonómico e efectuarase en vehículos habilitados para este fin, que obrigatoriamente terán que contar coas revisións técnicas que correspondan e levar na carrozaría os paneis indicativos do material. Este transporte realizarase de acordo coas seguintes condicións:

1. O tránsito de mercadorías perigosas esixirá o correspondente permiso municipal, que deberá ser solicitado cunha antelación mínima de 48 horas co obxecto de que a Policía Local poida tomar as medidas necesarias.
2. Os vehículos que realicen subministracións de combustibles ou doutros materiais perigosos dentro do termo municipal deberán solicitar o preceptivo permiso tamén cun mínimo de 48 horas de antelación. É facultade municipal autorizalo nas horas ou días que determine, así como sinalar as características dos vehículos e as medidas de seguridade adicionais que deben tomarse.

Artigo 51. Itinerarios

1. O transporte de mercadorías perigosas en tránsito utilizará obrigatoriamente a autoestrada A9. Os vehículos procedentes ou con destino á estrada do Rodiño (CI-261) e de Noia (CC-543), en tanto non se inaugure o tramo da Rocha-Vidán e Santa Comba-Carballo (CC-545), accederán a ela a través do periférico, cando sexa posible, escollendo en cada caso o percorrido máis curto e afastado do centro urbano.

Artigo 52. Estacionamento

Os vehículos que transporten mercadorías perigosas só poderán estacionar nas instalacións das empresas titulares ou contratantes do servizo, sempre que reúnan as condicións de seguridade legalmente admitidas.

CAPÍTULO IX. DAS AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Artigo 53. Normas xerais sobre autorizacións administrativas

1. Co obxecto de garantir a aptitude das persoas para manexar os vehículos e a súa idoneidade para circular co mínimo de risco posible, a circulación de vehículos a motor polas vías obxecto desta ordenanza queda sometida ao réxime de autorización administrativa previa.

2. A persoa que conduza un vehículo queda obrigada a estar en posesión e levar consigo un permiso ou licenza válidos para conducir, o permiso de circulación do vehículo e a tarxeta de inspección técnica ou o certificado de características, e deberá exhibir estes documentos ante os axentes da autoridade que llo soliciten.

3. Para executar obras na vía pública será obrigatorio cumprir co establecido nas normas en vigor sobre a sinalización e balizamento deste tipo de obras.

4. A rodaxe de películas, documentais etc., na vía pública requirirá de autorización previa e expresa dos servizos municipais competentes, que determinarán no permiso correspondente as condicións en que se pode efectuar en canto a duración, horario e elementos ou vehículos que poden utilizarse.

5. Requirirán autorización previa dos servizos municipais competentes a realización nas vías urbanas de probas deportivas e os traslados funerarios. No permiso correspondente determinaranse as condicións a respecto de itinerarios, medidas de precaución etc., que se consideren oportunas.

6. Toda ocupación da vía pública que limite a circulación, como no caso de mudanzas, carga de combustible, colocación de colectores de obra etc., requirirá obter previamente a licenza ou autorización municipal.

7. Con carácter xeral, toda actividade que implique ocupación da vía pública estará sometida a licenza ou autorización administrativa previa e preceptiva, ao abeiro da Ordenanza de actividades, instalacións e ocupación da vía pública.

Artigo 54. Autoescolas

Autorízanse as prácticas das autoescolas se ben, por razóns de tráfico, obras ou eventos especiais poderán suprimirse ou restrinxirse mediante bando ou disposición de carácter xeral, en determinadas franxas horarias, zonas ou vías máis alá das limitacións xenéricas xa establecidas.

Como excepción ao exposto, nas vías con moi densa circulación non poderán realizarse prácticas en días laborables durante o curso escolar -do 15 de setembro ao 15 de xuño- entre as 8.30 e as 10.00 horas, de 12.30 a 14.30 e entre as 19.00 e as 21.00 horas.

TÍTULO II. MEDIDAS CAUTELARES

Artigo 55. Inmovilización de vehículos na vía pública

Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, sen prexuízo da denuncia que deberán formular polas infraccións correspondentes, poderán inmovilizar un vehículo nos casos previstos na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria ou norma que a substitúa.

Artigo 56

A inmovilización decretada por defectos da persoa que conduza un vehículo quedará suspendida en canto desaparezan eses defectos ou outra persoa, coa aptitude precisa, se faga cargo do vehículo.

Cando a inmovilización sexa ordenada por razóns derivadas das condicións do propio vehículo ou da súa carga, poderase autorizar a súa marcha, adoptando as medidas necesarias para garantir a seguridade, ata onde quen o conduce poida axustar a carga ou corrixir as deficiencias técnicas. No caso do apartado 9 do artigo anterior, os axentes entregarán ao condutor un volante para circular ata o lugar onde deba practicarse o recoñecemento.

Unha vez inmovilizado o vehículo, poderase solicitar da autoridade competente a posta en circulación, para o que deberán satisfacerse previamente os gastos ocasionados con motivo da inmovilización, regulados na ordenanza correspondente.

Artigo 57. Retirada de vehículos da vía pública

A Policía Local poderá ordenar a retirada dun vehículo da vía pública e o seu traslado ao depósito municipal nos seguintes casos:

- a. Por requirimento das autoridades xudiciais ou administrativas.
- b. En caso de accidente que impida continuar a marcha e a persoa titular do vehículo non o retire.
- c. Cando se atope estacionado nalgunhas das seguintes circunstancias:
 1. En lugares que constitúa un perigo.
 2. Perturbando gravemente a circulación de persoas ou vehículos.
 3. Obstaculizando ou dificultando o funcionamento dalgún servizo público.
 4. Se ocasiona perdas ou deterioro no patrimonio público.
 5. Se se atopa en situación de abandono.
 6. Aparcado incorrectamente en zonas de estacionamento con limitación horaria.
 7. Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.

8. En caso de accidentes que impidan continuar a marcha.
9. Cando perturbe a tranquilidade pública polo abuso ou mal funcionamento de alarmas ou doutros sinais acústicos.
10. Nos supostos previstos no artigo 37.1 desta ordenanza
11. En calquera outro suposto previsto na lexislación ou nesta norma.

Nas vías urbanas permítese a parada ou o estacionamento dos guindastres de auxilio en estrada polo tempo indispensable para faceren a retirada do vehículo avariado ou accidentado, sempre que non se xere un novo perigo nin se obstaculice a circulación.

Artigo 58

Considerarase que un vehículo se atopa estacionado orixinando unha situación de perigo para persoas ou vehículos nos casos que se especifican a continuación:

1. Nas curvas ou cambios de rasantes de visibilidade reducida.
2. Nas interseccións de rúas e nas súas proximidades, producindo unha diminución da visibilidade.
3. Nos lugares en que impida ver os sinais de circulación.
4. De xeito que sobresaia do vértice da esquina da beirarrúa, obrigando ao resto de condutores a variar a súa traxectoria ou dificultando o xiro dos vehículos.
5. Cando se obstaculice a saída de emerxencia dos locais destinados a espectáculos públicos e entretemento durante as súas horas de apertura.
6. En plena calzada.
7. Nas medianas, separadores, illas ou outros elementos de canalización do tráfico ou en zonas do pavimento sinaladas con franxas brancas.

8. Cando impida a outros vehículos realizar un xiro permitido ou os obrigue a realizar manobras antirreglamentarias.

Artigo 59. Estacionamentos que perturban a circulación de persoas e vehículos

Entenderase que o vehículo se atopa estacionado perturbando a circulación de persoas ou vehículos nos seguintes casos:

1. Cando estea prohibida a parada.
2. Cando non permita o paso doutros vehículos.
3. Cando obstaculice a saída ou o acceso a un inmovible a través dunha pasaxe.
4. Cando impida que outro vehículo correctamente estacionado se incorpore á circulación.
5. Cando se atope estacionado en dobre fila.
6. Cando invada carrís ou parte das vías reservadas exclusivamente para a circulación ou para o servizo das demais persoas usuarias.
7. Cando se atope estacionado nun paso peonil ou nun paso para ciclistas.
8. Cando se atope estacionado na beirarrúa, en vías peonís ou nalgunha outra zona reservada para o paso de persoas, salvo nos casos e horarios autorizados.
9. Cando se atope estacionado en lugar prohibido nas vías definidas como de atención preferente ou de moi densa circulación nesta ordenanza.

Artigo 60. Estacionamentos que obstaculizan ou dificultan o funcionamento dalgún servizo público

O estacionamento obstaculizará o funcionamento dun servizo público cando teña lugar:

1. Nas paradas reservadas aos vehículos de emerxencia, transporte ou servizo público.
2. Nos carrís reservados á circulación de vehículos de transporte público.
3. Nas zonas reservadas para a colocación de colectores de residuos sólidos urbanos ou doutro tipo de mobiliario urbano.
4. Nas saídas e zonas reservadas a servizos de urxencia e seguridade.

Artigo 61. Estacionamentos que ocasionan perdas ou deterioro do patrimonio público

Entenderase que o estacionamento orixina perda ou deterioro do patrimonio público cando se efectúe en xardíns, valados, zonas forestais, fontes e outras partes da vía destinadas ao ornamento e decoro da cidade ou en bens declarados de interese cultural ou de protección especial.

Artigo 62. Situación de abandono

A autoridade municipal poderá presumir razoablemente que un vehículo se atopa en situación de abandono nos seguintes casos:

1. Cando estea estacionado durante un período superior a seis días hábiles no mesmo lugar da vía ou transcorran 48 horas desde que se formulou a denuncia por estacionamento continuado no mesmo lugar sen que fose cambiado de sitio.

2. Cando presente un notable estado de deterioro ou existan evidentes indicios externos que fagan presumir unha situación de abandono. Presumirase racionalmente esta situación de abandono nos seguintes casos:

- a. Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo se depositou, tras a súa retirada da vía pública pola autoridade competente.
- b. Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar, o seu deterioro faga imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación.

Neste caso terá o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente. Se vehículo, aínda tendo signos de abandono, mantén a placa de matriculación ou dispón de calquera signo ou marca visible que permita identificar a persoa titular, requiriráselle para que no prazo de quince días o retire do depósito, coa advertencia de que se non o fai se lle dará o tratamento de residuo sólido urbano.

3. Cando o deterioro do vehículo faga imposible que se poida mover polos seus propios medios.

4. Cando resulte necesario para a propia seguridade do vehículo.

Artigo 63. Retirada de vehículos das zonas de aparcamento con horario limitado

Os vehículos que ocupen unha praza de estacionamento con limitación horaria poderán ser retirados en calquera das circunstancias seguintes:

- 1. Cando a persoa interesada non pagase previamente o distintivo de autorización, ben nos parquímetros ben a través da aplicación que se habilite, e transcorra unha hora desde o inicio do estacionamento.
- 2. Cando o tempo de ocupación da praza exceda polo menos unha hora e supoña alo menos o triplo do tempo pagado.

Artigo 64. Retirada de vehículos por ocupar unha zona reservada a outras persoas usuarias

Poderán ser retirados da vía pública aqueles vehículos que ocupen ou invadan zonas especialmente reservadas pola autoridade municipal, de modo eventual ou permanente, a outras persoas usuarias ou para realizar determinadas actividades, concretamente nos casos seguintes:

1. En zona de carga e descarga.
2. En zona de paso de persoas con dificultades de mobilidade.
3. En zona de aparcamento especial para automóbiles de persoas con discapacidades.
4. En zona de residentes.
5. En zona de aparcamento reservado para vehículos de servizo público.

Artigo 65. Estacionamento en zonas reservadas para a celebración de determinados actos

Aínda cando se atopen correctamente estacionados, a autoridade municipal poderá retirar os vehículos da vía pública nas situacións seguintes:

1. Cando estean aparcados en lugares nos que estea prevista a realización dun acto público debidamente autorizado.
2. Cando estean estacionados en zonas onde estea prevista a realización de labores de limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.
3. En casos de emerxencia.

O concello deberá advertir estas circunstancias coa antelación suficiente mediante a colocación dos avisos necesarios.

Unha vez retirados, os vehículos serán conducidos ao lugar de depósito autorizado máis próximo, que se poñerá en coñecemento das persoas titulares.

A recuperación dos vehículos non suporá para o seu titular o pagamento de ningún tipo de prezo ou taxa.

Artigo 66. Pagamento de taxas

Agás as excepcións legalmente previstas, os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización e retirada do vehículo e a súa estancia no depósito municipal correrán por conta da persoa titular, que terá que pagalos ou garantir o seu pagamento como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de interposición dos recursos que caiban. Só poderá retirar o vehículo a persoa titular ou a que estea autorizada.

Artigo 67. Suspensión da retirada

A retirada do vehículo suspenderase inmediatamente se a persoa condutora comparece antes de que o guindastre inicie a súa marcha co vehículo enganchado e toma as medidas necesarias para que cese a situación irregular en que se atopaba, aplicándolle o previsto na lexislación e na ordenanza fiscal correspondente.

TITULO III. TRATAMENTO RESIDUAL DO VEHÍCULO

Artigo 68. Traslado do vehículo

Mediante resolución da Alcaldía ou da concellaría competente no ámbito da mobilidade poderase acordar o traslado dun vehículo a un centro autorizado para o tratamento de vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación nos seguintes casos:

a. Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo foi inmovilizado ou retirado da vía pública e depositado pola Administración sen que o seu titular formulase alegacións.

- b. Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.
- c. Cando, recollido un vehículo como consecuencia de avaría ou accidente nun recinto privado, a persoa titular non o retire no prazo de dous meses.

Artigo 69. Procedemento de traslado

Con anterioridade á orde de traslado do vehículo enviarse un requirimento á persoa titular para que o retire advertíndolle que, de non o facer no prazo dun mes, se trasladará ao centro autorizado de tratamento.

Nos supostos previstos no artigo anterior solicitarase da Xefatura Provincial de Tráfico unha autorización para o tratamento residual do vehículo. Para estes efectos deberá achegarse a documentación acreditativa de que se lle requiriu á persoa titular do vehículo a súa retirada do recinto.

Naqueles casos en que se considere conveniente poderase substituír a destrución do vehículo pola súa adxudicación ao Parque Móbil do Concello para servizos de vixilancia e control do tráfico.

Artigo 70. Retirada de obxectos depositados na vía pública

Serán retirados inmediatamente pola autoridade municipal todos aqueles obxectos que se atopen na vía pública sen que ningunha persoa que se faga responsable deles. Estes obxectos serán trasladados ao depósito municipal.

Actuarase do mesmo xeito en caso de que o obxecto ocupe espazo destinado ao estacionamento ou entorpeza o tráfico de persoas ou de vehículos, aínda cando esta presente quen sexa responsable del se se nega a retiralo de inmediato.

TÍTULO IV. INFRACCIÓNS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 71. Cadro xeral de infraccións

1. As accións e omisións contrarias a esta ordenanza e os seus anexos terán o carácter de infracción administrativa e serán sancionadas nos casos, forma e medida que nela se determinan, a non ser que poidan constituír delitos tipificados nas leis penais. Neste último caso, a Administración municipal comunicará os feitos á xurisdición competente e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme.
2. Ademais das infraccións tipificadas na Lei de tráfico e seguridade viaria, no Regulamento de circulación e na demais normativa aplicable, esta ordenanza tipifica as seguintes infraccións, clasificadas, graves ou moi graves, por comprometer a seguridade viaria.
3. Considéranse infraccións graves:
 - a. Transportar nunha bicicleta a unha persoa de menos de 7 anos, sen ser maior de idade ou nunha cadeira que non estea debidamente certificada ou homologada.
 - b. Soltar o guiador da bicicleta poñendo en perigo a seguridade doutras persoas usuarias da vía.
 - c. Collerse a outros vehículos para ser remolcado.
 - d. Circular zigzagueando entre vehículos ou persoas, cando non estean detidos e poñendo en risco a seguridade doutros usuarios da vía.
 - e. Cargar a bicicleta con obxectos que dificulten a súa utilización ou reduzan a visión.
4. Tamén se considera infracción grave estacionar vehículos para a súa venda ou con fins publicitarios; por un tempo superior a 24 horas; para efectuar a actividade de venda ambulante, sen autorización; ou para levar a cabo o seu arranxo non puntual na vía pública.
5. Terán a consideración de moi graves as condutas tipificadas como infraccións graves cando concorran circunstancias de perigo por razón da intensidade da circulación, das características e condicións da vía, das condicións atmosféricas ou de visibilidade, da coincidencia de vehículos e doutras persoas usuarias especialmente en zonas urbanas, ou calquera outra análoga que poida constituír un risco engadido e concreto ao previsto para as infraccións tipificadas como graves no momento da súa comisión.

Artigo 72

Todo o relativo á comisión de infraccións, persoas responsables, importe e gradación das sancións (incluídas as tipificadas como graves no artigo 71-3 e 4 desta norma), competencia, medidas cautelares e procedemento sancionador en xeral, aterase ao disposto no Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, no Regulamento xeral de circulación, aprobado por Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, no Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou normativa posterior que a substitúa.

DISPOSICIÓNS ADICIONAL

As novas tecnoloxías favorecen a aparición de solución de mobilidade urbana que melloran os desprazamentos peonís mediante o auxilio de novos modelos de vehículos. Estes vehículos nalgúns casos teñen unha masa superior á das persoas e móvense a unha maior velocidade ca elas.

Tendo en conta que na actualidade estes vehículos carecen dun espazo propio nas vías que teñen que compartir con outros usuarios e poden xear situación de risco, considérase fundamental regular o seu uso no anexo III destas normas, consonte as determinacións contidas no Real decreto 970/2020, do 10 de novembro polo que se modifica o Regulamento xeral de circulación, aprobado por Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, e no Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, en materia de medidas urbanas de tráfico.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira

Habílitate a Xunta de Goberno Local por proposta da Alcaldía ou da concellería delegada para o ámbito da mobilidade para levar a cabo as modificacións que sexa preciso realizar nos distintos anexos desta norma sobre a clasificación das vías urbanas, as normas sobre xestión e ordenación da A e os vehículos de mobilidade persoal.

Segunda

O non previsto nesta ordenanza aterase ao establecido na lexislación vixente en materia de tráfico e seguridade viaria e na demais normativa estatal e autonómica aplicable.

Terceira

De acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor no momento en que sexa publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

ANEXO I

PLANO NO QUE SE REFLECTE A CLASIFICACIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN DESENVOLVEMENTO DO TÍTULO I, CAPÍTULO III DESTA NORMA

Atendendo ao seu uso, función, capacidade e á ordenación da circulación as vías urbanas do municipio clasifícanse en distintas zonas urbanas:

Zonas de prioridade peonil

Nestas zonas as persoas que se despracen a pé gozarán de prioridade sobre calquera vehículo, bicicleta ou elemento mecánico de transporte que estea autorizado a circular, agás autobuses do servizo de transporte público regular de persoas de uso xeral, cando circulen por unha plataforma reservada.

Establécense tres zonas de prioridade peonil, segundo a velocidade autorizada, 30 km/h, 20 km/h ou 10 km/h, que será sinalizada convenientemente. Esta sinalización prevalecerá, en todo caso, sobre o que se reflicta no plano incorporado a este anexo.

Zonas peonís

Son aqueles espazos da vía pública nos que se restrinxen o estacionamento e a circulación de vehículos. Autorízase a circulación en bicicleta e doutros tipos de ciclos sempre que se garanta a prioridade das persoas a pé e unha velocidade máxima de 10 km/h.

Zonas residenciais ou de encontro

Son aquelas zonas que pola súa ordenación urbanística e polas especificacións de uso da vía pública son coherentes coa limitación de velocidade máxima de 30 km/h, 20 km/h ou 10 km/h e coa prioridade peonil, aínda que non interfiran innecesariamente o paso dos vehículos.

Estas zonas recóllense no plano que se xunta a este anexo I.

ANEXO II. RÉXIME DE MOBILIDADE NA CIDADE HISTÓRICA

Preámbulo

A protección do Cidade Histórica é un obxectivo prioritario do Concello de Santiago polo que, tendo en conta as peculiaridades da infraestrutura viaria do ámbito, é necesario dotala dun tratamento especial. A escasa sección das súas rúas, a singularidade da maior parte dos numerosos negocios que no seu interior desenvolven a súa actividade, o intenso tráfico peonil, a necesidade de estacionamento ou as propias características consubstanciais a todas as zonas monumentais son, entre outras, razóns suficientemente relevantes para que desde a Administración Municipal se lle dea un tratamento específico e diferenciado na propia Ordenanza de circulación e uso da vía pública.

Por todo isto e dentro do contexto que subxace en toda regulamentación, que non é outro que garantir a pacífica convivencia e mellorar a calidade de vida das persoas destinatarias, establécese este articulado regulador do sistema de mobilidade nas rúas que constitúen a Cidade Histórica cos obxectivos fundamentais para o Concello que se detallan a seguir:

1. Facilitar a circulación das persoas e o seu acceso a comercios, oficinas, vivendas..., reducindo o risco de accidentes.
2. Estimular a economía e o desenvolvemento da devandita área.
3. Evitar na medida do posible a circulación concorrente.
4. Consegui-ur unha maior calidade urbana na zona, mellorando a estética e suprimindo ruídos e fumes.
5. Protexer o patrimonio histórico artístico.

Artigo 1. Ámbito de aplicación territorial

A área que se atopa afectada por esta regulación coincide coa Cidade Histórica e delimítase no plano que se xunta a esta ordenanza.

As zonas afectadas están definidas como segue.

Vías de uso peonil de circulación prohibida

Son as rúas ou prazas que non permiten o paso de vehículos, incluídos os VMP, polo seu ancho, por razóns históricas, artísticas, de seguridade ou porque é incompatible coa intensidade do tránsito peonil.

Vías de tráfico restrinxido

Son as rúas nas que por razóns de seguridade ou de carácter histórico-artístico se debe compaxinar a circulación de vehículos co tránsito peonil e co servizo de comercios e vivendas.

Nelas permítase a circulación de xeito restrinxido e segundo as limitacións establecidas nestas normas.

Artigo 2. Ámbito competencial

Os aspectos técnicos de aplicación do sistema corresponderán á Concellaría de Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela e no seu control e vixilancia aos axentes da Policía Local.

Coa finalidade de cumprir o obxectivo primordial expresado no preámbulo deste anexo II, o Concello dispuxo un sistema de control de acceso mediante a instalación de barreiras nos seguintes lugares:

Rúa de San Francisco (entrada e saída), porta nº 1

Rúa da Porta da Pena (entrada), porta nº 2

Rúa da Algalia de Arriba (saída), porta nº 3

Rúa da Algalia de Abaixo (entrada), porta nº 4

Rúa das Casas Reais (entrada), porta nº 5

Praza San Fiz (entrada e saída), porta nº 6

Rúa do Cardeal Payá (entrada), porta nº 7

Rúa da Porta Faxeira (entrada), porta nº 8

Travesa de Fonseca (saída), porta nº 9

Rúa das Carretas (entrada), porta nº 10

Rúa de San Clemente (entrada), porta nº 11

Ademais, mediante cámaras lectoras de matrículas, controlaranse outros accesos ao Cidade Histórica polas seguintes localizacións:

Costa Vella

Porta da Mámoa

Rúa do Castro

Rúa da Oliveira

Rúa de Entremuros

Artigo 3. Sinalización

1. En todos os accesos existirá un sinal para restrinxir a circulación na Cidade Histórica, que se completa coas seguintes normas:

- a. A velocidade máxima dos vehículos será de 10 km/h.
- b. Os vehículos deben conceder prioridade ás persoas.
- c. As persoas a pé poden utilizar toda a zona de circulación e terán preferencia de paso con respecto ao resto das usuarias da vía.
- d. As bicicletas poderán circular respectando a velocidade máxima de 10 km/h, agás polas vías en que a sinalización o prohiba.
- e. Os vehículos só poden estacionar nas zonas delimitadas para iso.
- f. Prohíbese a entrada de vehículos cunha MMA superior a 3,5 kg, agás os autorizados.
- g. Prohíbese o paso sen detención.

2. A sinalización neste ámbito será preferentemente vertical, evitando no posible a sinalización horizontal para non deteriorar ou afectar os pavimentos pétreos.

Artigo 4. Acceso de vehículos á Cidade Histórica

1. Todos os vehículos que accedan á Cidade Histórica por calquera das causas previstas nesta ordenanza, agás os que realicen funcións de carga e descarga entre as **7.00 e as 10.00** horas os días laborables, terán que atoparse debidamente autorizados.

A autorización obterase logo de presentar a solicitude por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015 do 1 de outubro ou na norma que a substitúa e unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles para cada modalidade. O dereito de acceso farase nas condicións que determine a autorización administrativa concedida a cada titular, segundo sexa unha persoa residente, usuaria dunha cocheira ou praza de garaxe, teña un negocio na zona ou preste un servizo urxente ou imprescindible á comunidade.

As persoas titulares destas autorizacións estarán obrigadas a notificar ao Concello o cambio do vehículo ou calquera modificación que se produza nas condicións que no seu momento serviron de base para a súa concesión.

2. A entrada á Cidade Histórica realizarase exclusivamente a través das portas de acceso situadas nas rúas que se relacionan no artigo 2 deste anexo e sinalizadas no plano que se xunta a esta norma, controladas mediante bolardos electrónicos ou por cámaras lectoras de matriculas.

3. As autorizacións serán concedidos pola Concellería de Mobilidade, logo da solicitude da persoa interesada que deberá achegar os documentos que de seguido se detallan en función das distintas modalidades.

4. Acceso á Cidade Histórica:

A) Residentes

Poderá obter autorización para o aparcamento como residente dun vehículo concreto toda persoa física que, estando debidamente inscrita no Padrón municipal do Concello de Santiago de Compostela, sexa residente da zona delimitada como Cidade Histórica nesta norma, propietaria dun vehículo que de forma conxunta e inescusable reúna os seguintes requisitos:

- a. Que o vehículo sexa propiedade da persoa física, residente habitual e efectiva en Santiago de Compostela, dada de alta no Padrón municipal e no mesmo domicilio do empadroamento que terá que estar radicado dentro do ámbito territorial delimitado como casco histórico, para o suposto de residentes por razón de domicilio.

Exceptuaranse deste requisito aquelas persoas que dispoñan dun vehículo cun contrato de arrendamento financeiro (renting) ou dun vehículo da empresa coa que manteñen relación laboral contractual, dado de alta no Padrón municipal.

Para os efectos desta ordenanza, considérase persoa propietaria do vehículo quen así conste no permiso de circulación e no imposto de vehículos de tracción mecánica do Concello de Santiago.

- b. Que o vehículo para o que se solicita autorización estea dado de alta no Padrón do imposto de vehículos de tracción mecánica do Concello de Santiago de Compostela e ao corrente no pago do imposto. O domicilio da persoa interesada ten que coincidir co domicilio do Padrón do imposto de vehículos.

Para obter a autorización de aparcamento para residente cun vehículo en réxime de arrendamento financeiro deberá presentar, ademais, o contrato de *renting*.

- c. No caso de que unha persoa física dispoña dun vehículo cedido pola súa empresa, que debe ter o seu enderezo fiscal e abonar o imposto de vehículos de tracción mecánica na cidade, para o seu uso de maneira única e exclusiva e fóra do horario de traballo. Deberá presentar unha autorización da empresa que acredite este extremo. Neste suposto, non será preciso acreditar que a persoa solicitante é propietaria do vehículo nin que o servizo ao que se destina sexa particular.
- d. Que a persoa solicitante e o vehículo para o que se interesa o distintivo non teñan pendentes sancións por infracción contra a normativa de tráfico ou esta ordenanza, impostas por resolución firme en vía administrativa polo órgano competente do Concello de Santiago.

A autorización obtérase logo da presentación da solicitude por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro ou a través da sede electrónica do Concello, aportando debidamente cuberto o modelo correspondente (MO025), que poderá solicitarse no Rexistro Xeral, no suposto de presentación presencial ou descárgalo da sede electrónica do concello, no trámite de autorización de acceso á Cidade Histórica

O seu período de vixencia será bianual.

A solicitude desta autorización debe incluír os documentos que seguen:

- a. Formulario oficial de solicitude (modelo MO025), que se presentará por algún dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro ou norma que a substitúa.
- b. Acreditación da identidade mediante o documento oficial ou certificado que corresponda. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse esta circunstancia mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, nos termos previstos na lexislación de procedemento administrativo.
- c. Fotocopia do permiso de circulación a nome da persoa solicitante.

Para obter a autorización de aparcamento para residentes cun vehículo en réxime de alugueiro financeiro, deberá presentar, ademais, o contrato de *renting*.

No suposto de que a persoa física utilice un vehículo cedido pola súa empresa, presentará a autorización desta nos termos indicados no artigo 4.4.A.c.

O enderezo de empadramento da persoa solicitante, así como o pagamento do último recibo do imposto de vehículos de tracción mecánica serán comprobados de oficio pola Administración.

Número de autorizacións de aparcamento para residentes:

- a. Concederáse unha autorización de aparcamento para residentes por persoa e vehículo.
- b. Poderá concederse unha segunda e ata unha terceira autorización de aparcamento para residentes a un mesmo domicilio ou a unha mesma persoa titular, para un segundo ou terceiro vehículo.

B) Non residentes

A autorización de acceso ao casco histórico da dereito a entrar no ámbito durante un tempo limitado que non poderá exceder de 20 minutos.

A entrada á Cidade Histórica farase exclusivamente a través das portas de acceso situadas nas rúas que se especifican na autorización, controladas mediante bolardos electrónicos ou por cámaras lectoras de matriculas.

Os vehículos destinados profesionalmente á carga e descarga de mercadorías farano nas zonas e nos horarios establecidos.

A autorización obtérase logo da presentación da solicitude por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro ou a través da sede electrónica do Concello, presentando debidamente cuberto o modelo correspondente (MO025), que poderá solicitarse no Rexistro Xeral, no suposto de presentación presencial ou descárgalo da sede electrónica do Concello, no trámite de autorización de acceso á Zona Monumental

As persoas solicitantes destas autorización deberán cumprir as condicións que de seguido se detallan, presentando a documentación que se relaciona, para cada unha das modalidades deste tipo de distintivos:

1. Titulares ou alugueiros de inmobles da Cidade Histórica

Poderanse conceder estas autorizacións a persoas residentes en inmobles da Zona Monumental con independencia do seu empadramento co fin de habilitar o acceso e parada no ámbito.

As solicitudes incluírán:

- a. Formulario oficial de solicitude (modelo MO025) presentado por algún dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro ou na norma que a substitúa.
- b. Copiado documento de identidade, tarxeta de residencia en caso de persoas estranxeiras, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade de quen solicita. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, nos termos previstos na lexislación de procedemento administrativo.
- c. Copia do contrato de aluguer. No suposto de que a vivenda non se atope alugada e a persoa propietaria non resida no ámbito, presentarse declaración responsable de que o inmovble non se atope alugado e acreditación da súa titularidade.
- d. - Permiso de circulación. A nome da persoa solicitante do distintivo.

O número máximo de distintivos de paso e parada por domicilio será de tres.

2. Titulares de establecementos mercantís

Concederanse estes distintivos de paso e parada por razóns comerciais ás persoas titulares de establecementos abertos ao público na área da Cidade Histórica para ata dous vehículos dos ditos establecementos, xa sexan da entidade mercantil ou de persoas socias participes destas.

A documentación a presentar será a seguinte:

- a. Formulario oficial de solicitude (modelo MO025) presentado por algún dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro ou na norma que a substitúa.
- b. Copia do documento de identidade, tarxeta de residencia en caso de persoas estranxeiras, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade de quen solicita. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, nos termos previstos na lexislación de procedemento administrativo.
- c. Permiso de circulación do vehículo, a nome da persoa solicitante do distintivo, no que conste unha MMA inferior a 3.500 kg.
- d. Licenza de apertura e documento no que se constate a existencia da actividade no momento en que se solicita a autorización acreditando este extremo cun recibo de auga, luz, gas etc.)

3. Por razóns familiares

Estas autorizacións habilitan o acceso á Cidade Histórica a familiares e persoas coidadoras de residentes no casco histórico que sexan dependentes. Soamente concederase unha autorización por persoa dependente e vehículo e como máximo tres distintivos por domicilio.

Para a súa concesión deberá achegarse a seguinte documentación:

- a. Formulario oficial de solicitude (modelo MO025) presentado por algún dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro ou na norma que a substitúa.
- b. Copia do documento de identidade, tarxeta de residencia en caso de persoas estranxeiras, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade de quen solicita. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, nos termos previstos na lexislación de procedemento administrativo.
- c. Para as persoas familiares de residentes: fotocopia do libro de familia ou, se é o caso, declaración responsable da persoa familiar coidadora.
- d. Para outras persoas coidadoras: contrato de traballo ou declaración xurada da persoa residente que acredite a relación de dependencia ou asistencia.

- e. Fotocopia do permiso de circulación a nome da solicitante.
- f. Documentación acreditativa de que a persoa que reside na zona afectada necesita axuda de terceiras persoas por padecer algún tipo de discapacidade mediante informe médico ou outro documento oficial que xustifique este extremo.

4. Réxime especial das persoas titulares de postos na Praza de Abastos.

Estes distintivos habilitan o acceso á Cidade Histórica ás persoas titulares de postos na Praza de Abastos, para ata dous vehículos.

Para a súa concesión deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Formulario oficial de solicitude (modelo MO025) presentado por algún dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro ou na norma que a substitúa.
- b) Copia do documento de identidade, tarxeta de residencia en caso de persoas estranxeiras, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade de quen solicita. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, nos termos previstos na lexislación de procedemento administrativo.
- c) Copia do permiso de circulación a nome da solicitante.

5. Modificación das condicións da autorización e a súa renovación.

As persoas titulares destas autorización estarán obrigadas a notificar ao Concello o cambio de vehículo ou calquera modificación que se produza nas condicións que no seu momento serviron de base para a concesión.

Para renovar as autorizacións de residentes e de paso e parada deberá presentarse a correspondente solicitude por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou norma que a substitúa.

- a. Nas autorizacións de residentes non será preciso presentar ademais ningunha outra documentación agás que se producise algún cambio nas circunstancias que motivaron a concesión. Neste suposto, presentárase a documentación que corresponda para acreditar o cambio.
- b. Nas autorizacións de paso e parada deberá acreditarse o mantemento das circunstancias que motivaron a súa concesión:
 - No suposto de alugueiro de inmobles, deberá presentarse o contrato e un recibo recente dalgunha instalación da vivenda (auga, luz, gas...).
 - No caso de titulares de establecementos mercantís, achegarase tamén un recibo actualizado dalgunha instalación (auga, luz, gas...).
 - Por razóns familiares, presentárase a documentación que xustifique que se están a manter as mesmas circunstancias que determinaron a concesión da autorización (apartados c, f e h do artigo 4.B.3).

Artigo 5. Limitación temporal de estacionamento nos sectores

A autorización de paso e parada dá dereito a entrar nas zonas afectadas polos distintos sistemas de control pero non a estacionar o vehículo durante un tempo superior a 20 minutos, coas seguintes excepcións:

1. Vehículos destinados á atención de emerxencias, durante estas.
2. Vehículos das distintas administracións destinados á prestación de servizos públicos e de empresas privadas dedicados á prestación de servizos esenciais para a comunidade, mentres dure a situación que determine a intervención.
3. Vehículos dedicados profesionalmente á carga e descarga de mercadorías nos horarios establecidos.

Artigo 6. Uso de medios para o control do tempo de estacionamento

O Concello de Santiago resérvase o dereito de aplicar sistemas para o control da estadía dos vehículos mediante adhesivos identificativos, tickets de estacionamento limitado ou calquera outro sistema que resulte axeitado cos fins perseguidos e o interese público protexido.

Artigo 7. Prestación de servizos de urxencia

Os vehículos destinados á prestación de servizos públicos das distintas administracións públicas poderán acceder ao sistema mediante a pulsación do botón do aparello interfono situado á entrada e á saída dos sectores.

Para o acceso daquelas empresas dedicadas á prestación de servizos esenciais e urxentes (telefonía, gas, electricidade...) será necesaria autorización expresa cando así o demanden por motivos debidamente xustificados de necesidade nos seus servizos, co fin de que, mediante o correspondente procedemento mecánico, se facilite o acceso de vehículos durante o tempo mínimo indispensable para realizar este tipo de operacións.

Tamén se concederá autorización a aqueles centros sanitarios que contén con asistencia médica de urxencias domiciliarias, única e exclusivamente polo tempo indispensable para a prestación dos servizos.

Artigo 8. Vehículos auto taxi

Os vehículos auto taxi que se atopen de servizo e leven acendido o indicador luminoso de tarifa poderán acceder a través do sistema de control de acceso.

Non se permitirá o acceso noutras circunstancias.

Artigo 9. Persoas con mobilidade reducida

As persoas que, residindo na área afectada, teñan recoñecida polos servizos correspondentes da Xunta de Galicia unha redución de mobilidade terán dereito a obter a tarxeta de estacionamento de persoas con mobilidade reducida, de acordo co disposto na normativa vixente.

Artigo 10. Outros posibles usos

As necesidades de acceso con vehículos ao casco histórico que non estean expresamente autorizadas con algunha das autorizacións reguladas nos apartados anteriores (cerimonias civís e relixiosas, eventos

lúdicos, festivos ou culturais, exposicións, feiras, enfermidade etc.) deberán comunicarse por escrito a través dos procedementos previstos no artigo 6 da Lei 39/2015 ou mediante unha mensaxe de correo electrónico ao enderezo dptotrafico@santiagodecompostela.gal.

Estas comunicacións deberán presentarse coa suficiente antelación para que poidan ser procesadas en horario habitual de oficina e trasladadas á Policía Local antes do acceso. Terán que incluír a matrícula do vehículo, o lugar ao que se dirixe e a documentación que recolla o motivo que xustifica a entrada.

Para a entrada efectiva comunicárase co centro de control a través do interfono situado nas portas de acceso, desde onde os axentes da Policía Local abrirán o sistema.

Non se admitirán accesos noutras circunstancias.

Darase traslado á Policía Local de todas as solicitudes extraordinarias de acceso á Zona Monumental.

Artigo 11. Carga e descarga

1. Os vehículos destinados á repartición de mercadorías deberán acollerse exclusivamente ao horario de carga e descarga establecido. Fóra del precisarán dunha autorización excepcional da Concellaría de Mobilidade, para o que deberán achegar as características do vehículo, a matrícula, datos da empresa e o motivo excepcional da repartición.

O réxime de reparto de mercadorías na Zona Monumental, rexerase polas seguintes determinacións:

- a.- Os horarios que rexeran a actividade será de **7.00 ata as 10.horas**, todos os días agás os domingos e festivos.
- b.- As empresas de reparto de mochilas ou maletas poderán acceder entre as 12.00 e as 14.00 horas, para o que deberán premer no videoporteiro dos sistemas de acceso.
- c.- As empresas de mensaxería de carácter urxente poderán acceder tamén en horario de 16.00 a 18.00 horas, todos os días da semana e terán que premer no videoporteiro dos sistemas de acceso.

d.- O reparto de mercadorías para a hostalaría poderá, ademais do horario diúrno, realizar as operación de carga e descarga os xoves en horario de 16.00 a 21.00 horas, na praza de San Fiz ou nos aparcadoiros públicos existentes na contorna da Cidade Histórica

e.- As motocicletas e bicicletas de reparto de mercadorías poderán acceder á Cidade Histórica para realizar estes labores sen restrición horaria.

2. O acceso dos vehículos de máis de 3.500 kg de MMA será restrinxido ás autorizacións especiais que conceda a Concellaría de Mobilidade para cuxa solicitude cómpre indicar as características técnicas do vehículo, a matrícula e os datos da empresa.

3. Deberán respectarse escrupulosamente os sentidos de circulación e os lugares habilitados para a carga e descarga.

4. As operacións de carga e descarga realizaranse de acordo co disposto na normativa xeral recollida nesta ordenanza e nas demais normas aplicables.

Art. 12. Tratamento dos establecementos hoteleiros

A Concellaría Delegada de Mobilidade poderá conceder autorizacións a aqueles establecementos hoteleiros que, por motivos xustificados de necesidade dos seus servizos o soliciten que deberán axustarse ás condicións das ditas autorizacións.

Artigo 13. Tratamento especial da Praza de Abastos

Entre as 6.00 e as 8.00 horas, o bolardo de acceso pola praza de San Fiz permanecerá aberto para que os vehículos de carga e descarga da Praza de Abastos poidan acceder libremente á zona que teñan reservada para este fin na praza de Santo Agostiño.

En todo caso, o servizo de abastecemento da Praza de Abastos regularase pola normativa xeral de carga e descarga contida nesta ordenanza e polas específicas deste anexo.

Artigo 14. Acceso a obras

Con carácter xeral, o acceso á Cidade Histórica para executar calquera obra de construción, instalación ou remodelación de edificacións terá o mesmo tratamento que as operacións de carga e descarga, nos termos descritos neste anexo.

Excepcionalmente, poderá permitirse o acceso de vehículos á zona afectada en horario distinto ao de carga e descarga por razóns debidamente xustificadas. Para iso, será necesaria a correspondente autorización expedida pola Concellaría de Mobilidade, na que se concretarán as circunstancias e limitacións do acceso, logo do aboamento da taxa correspondente segundo as ordenanzas fiscais.

Para as obras de construción ou rehabilitación de edificios, se estes ou as súas parcelas carecen de espazos interiores suficientes, poderá autorizarse unha reserva provisoria de espazo na vía para as actividades de carga e descarga ou a colocación de colectores ou doutros medios auxiliares de obra.

En caso de utilizar vehículos cunha MMA superior a 7.500 kg, ademais da correspondente autorización municipal poderá esixirse unha garantía para responder dos danos que se poidan ocasionar en bens ou servizos municipais.

Para determinar os danos que poidan ocasionarse nas vías públicas pola súa utilización con estes vehículos levantarase unha acta do estado das vías polas que vai discorrer o vehículo segundo a autorización concedida, que será asinada polo persoal técnico municipal e pola persoa eu formula a solicitude. As actas estarán documentadas con material fotográfico ou magnético que demostre o estado real das vías e formalizaranse antes do inicio da carga ou descarga e unha vez rematada, aínda que se trate dunha única operación.

Á vista da acta de finalización das operacións de carga e descarga, se non se ocasionaron danos nas vías polas que transcorreu o itinerario autorizado devolverase a garantía constituída logo da solicitude da persoa interesada.

No suposto de que acta reflecta algún dano posterior ás operacións de carga e descarga, o Concello repararao con cargo á garantía depositada, sen prexuízo da liquidación que proceda.

Cando coincidan no tempo e nos itinerarios autorizados varios vehículos aos se que se lles esixira o depósito da garantía sinalada e se ocasionen danos nas vías, o importe da obra que cumpra executar repartirase por partes iguais entre as persoas interesadas que os provocaron, respondendo deles as distintas garantías depositadas.

Artigo 15. Instalacións na Cidade Histórica

Prohíbese, sen a perceptiva e previa autorización, ocupar con elementos fixos ou móbiles a zona da Cidade Histórica, calquera que sexa a súa finalidade, que poidan entorpecer a circulación rodada ou peonil ou diminuír a visibilidade das vías obxecto desta regulación.

ANEXO III. VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL

Preámbulo

As novas tecnoloxías e a loita por diminuír a contaminación nas cidades e preservar o medio favorecen o fomento dos desprazamentos peonís, co auxilio de novos modelos de vehículos que introducen importantes cambios e novas formas de mobilidade nas cidades e que supoñen unha ruptura coa tradicional concepción de persoa/beirarrúa, vehículo a motor/calzada.

A masa e a velocidade destes vehículos, maiores que as dunha persoa, colócaos nunha posición dentro do ámbito da mobilidade que require dunha regulación específica para determinar un lugar propio dentro das vías e evitar os riscos que poden derivarse de compartiren o espazo peonil reservado tradicionalmente para este único uso.

Na actualidade non existe unha normativa xeral que estableza o marco xurídico no que desenvolver o uso destes novos elementos de mobilidade. O artigo 7 apartado b) do Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de

outubro, polo que aproba o Texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria atribúe aos concellos a competencia para regulalos mediante ordenanzas municipais de circulación e usos das vías urbanas.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Tráfico emitiu a instrución a número 16/V-124 na que se establecen os criterios para que os concellos redacten as súas normas sobre o uso destes vehículos de mobilidade persoal (en diante VMP).

Con base nisto, desenvólvese neste anexo á Ordenanza de circulación e uso da vía pública a normativa que será de aplicación a todos os vehículos de mobilidade persoal, agás ás bicicletas que teñen a súa regulación específica no corpo principal da ordenanza.

Artigo 1. Definición e características dos VMP

1. Os VMP son vehículos dunha ou máis rodas, dotados dunha única praza e propulsados exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionarlles unha velocidade máxima por deseño comprendida entre os 6 e os 25 km/h. Soamente poderán estar equipados cun asento e estarán dotados de sistemas de autoequilibrado.

Exclúense desta definición os vehículos sen sistema de autoequilibrado e con máis asentos, concibidos para competición, os vehículos para persoas con mobilidade reducida e os vehículos cunha tensión de traballo maior a 100 VCC ou 240 VAC, así como aqueles incluídos no ámbito do Regulamento (UE) núm. 168/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2013.

2. Estes vehículos de mobilidade persoal deberán aterse en canto ao seu deseño, fabricación e comercialización ás normas de seguridade industrial e xeral de produtos, consonte o disposto na normativa vixente.

Artigo 2. Normas para a circulación dos VMP en vías urbanas

1. Permítese a circulación en calzada destes vehículos en todas as vías agás nas sinalizadas coa prohibición correspondente. En todo caso, prohibese a circulación por túneles urbanos.

Nos supostos e que exista carril bici na calzada permitirase que os VMP circulen por el, sempre que o ancho da infraestrutura ciclista o permita, no sentido sinalizado no carril e a unha velocidade máxima de 20 km/h.

2. Os VMP, con carácter xeral, non poderán circular polas beirarrúas, parques ou paseos destinados ao uso peonil, agás polo carril bici situado na beirarrúa sempre que a súa anchura o permita, no sentido sinalizado e cunha velocidade máxima de 10 km/h.

3. Nas vías de plataforma única, se a zona é exclusiva para persoas a pé, estes vehículos poderán circular a 10 km/h como máximo. Se a plataforma é compartida coa circulación de vehículos a motor, a velocidade máxima destes vehículos será de 20 km/h.

4. Rutas turísticas ou percorridos organizados en réxime de aluguer.

As persoas que empreguen estes servizos deberán ir acompañados dunha guía e non se poderá sobrepasar o número de seis vehículos por grupo, gardando unha distancia entre os distintos grupos de polo menos 50 m.

En todo caso, prohíbese este tipo de servizo na Cidade Histórica.

5. Por razóns de seguridade viaria, o Concello poderá establecer prohibicións de que circulen VMP en determinadas vías ou zonas mediante a oportuna sinalización.

Artigo 3. Regras que deben observar as persoas que conduzan VMP

- a. Respetarán a prioridade peonil en todo momento.
- b. Manterán unha distancia de, cando menos, 1 m coa fachada dos edificios e coas persoas que se despracen a pé nas operacións de adiantamento ou cruzamento e non realizarán manobras negligentes ou temerarias que poidan afectar a seguridade das persoas.
- c. Na calzada circularán preferentemente polo carril da dereita. Nas vías con carrís reservados a outros vehículos, os VMP circularán polo carril contiguo ao reservado. Os adiantamentos aos VMP

por parte doutros vehículos motorizados realizaranse sempre habilitando un espazo intermedio de, cando menos, 1,5 m de largo.

- d. Deberán cumprir o establecido na normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria no relativo á taxa de alcohol e á presenza de drogas no organismo das persoas que conduzan estes vehículos e respecto ao uso durante a conducción de dispositivos móbiles, auriculares ou outros sistemas de reprodución de son.
- e. Os VMP aparcaranse nas zonas reservadas especificamente para isto coa prohibición de amarralos ás árbores, semáforos, postes de iluminación, colectores ou, en xeral, a calquera elemento do mobiliario urbano.

Artigo 4. Regras de prioridade de paso

- 1. Os vehículos de mobilidade persoal deberán respectar as prioridades de paso establecidas na normativa de tráfico.
- 2. En todo caso, aínda que o VMP teña prioridade de paso non deberán penetrar nunha intersección ou nun paso peonil ou para ciclistas se pola situación da circulación é previsible que poida quedar detido de xeito que impida a circulación transversal.
- 3. Nun paso peonil, o condutor do VMP, en caso de que circule por un carril bici ou un paso de ciclistas sinalizado, terá prioridade de paso sobre o automóbil.

Artigo 5. Aseguramento dos VMP

Non será esixible a contratación dun seguro de responsabilidade civil, aínda que é recomendable.

Artigo 6. Características técnicas dos VMP e obrigas para as persoas que os conduzan

- 1. Os VMP deberán dispor dun timbre cando circulen polas vías públicas, prohibíndose o emprego doutros aparellos acústicos.

2. As persoas que conduzan VMP deberán levar colocada unha prenda ou elemento reflectante homologado que cumpras as prescricións técnicas do Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria das equipos de protección persoal e que sexa visible a unha distancia mínima de 150 m para o resto das usuarias da vía.
3. O casco é obrigatorio para quen use VMP cando leve a cabo unha actividade de explotación económica. Para o resto dos vehículos é recomendable.
4. Os VMP que circulen por vías ciclistas, polos itinerarios sinalizados ou por vías con limitación de velocidade a 30 km/h poderán arrastrar un remolque ou semirremolque para o transporte de mercadorías e nenos, sempre que sexan dispositivos debidamente certificados e homologados e se respecte a limitación de peso que teñan estipulada.

Artigo 7. Permisos e autorizacións dos VMP para circular

1. Os VMP non necesitarán autorización administrativa para circularen polas vías urbanas, sen prexuízo doutras autorizacións que sexan esixibles regulamentariamente.
2. Os VPM requirirán un certificado para circular no que se acredite que cumpren os requisitos técnicos esixibles segundo a normativa técnica nacional e internacional consonte o manual de características dos vehículos de mobilidade persoal que elabore e aprobe a Xefatura Central de Tráfico, que non será esixible ata que transcorra un ano desde a publicación do dito manual no BOE.
3. As persoas titulares de VMP vinculados a unha actividade mercantil deberán obter unha autorización previa para exercela. Nesta autorización farase constar o percorrido que realizan, o horario, o número de vehículos vinculados á actividade e a súa tipoloxía.

Esta autorización concederase polo prazo máximo de dous anos e poderá renovarse polo mesmo prazo prazo sempre que se solicite antes de expirar o inicial.

4. A persoa titular da actividade turística, de ocio ou de reparto de mercadorías velará por que as usuarias dos VMP dispoñan dun nivel de habilidade mínimo que garanta a súa seguridade e a do resto das usuarias da vía.

Para obter a autorización deberá presentar:

- a. Solicitud de autorización na que se detalle a clasificación do vehículo atendendo ao disposto neste anexo, a marca, potencia, ficha técnica na que consten as súas características, número de serie e fotos.
- b. Declaración responsable na que se comprometa a non permitir o uso dos VMP a quen estea baixo efecto de substancias psicoactivas ou non dispoña do nivel de destreza mínimo que garanta a súa seguridade e o do resto das persoas usuarias da vía.
- c. Memoria na que se desenvolvan os percorridos e rutas solicitadas, horarios ou calquera outra circunstancia que deba facerse constar na autorización.
- d. Copia do último recibo da póliza de responsabilidade civil contratada.

6. Crearase un rexistro municipal coas autorizacións outorgadas, cos seguintes datos:

- Identificación das persoas físicas ou xurídicas responsables da actividade económica que desenvolven.
- Clases e cantidade de vehículos vinculados á actividade.
- Acreditación do seguro de responsabilidade civil obrigatorio.
- Data de expedición da autorización e de remate da súa validez.

7. O servizo competente do Concello inspeccionará do cumprimento dos requisitos esixidos por esta norma e da expedición dos carnés urbanos de VMP destinados a actividades económicas.

Artigo 8. Sinalización das vías para VMP

1. As vías destinadas á circulación dos VMP deberán estar debidamente sinalizadas nos termos previstos nesta norma e consonte os sinais regulamentariamente vixentes.

2. Nas vías compartidas por persoas e VMP, a sinalización deberá advertir da presenza destes vehículos para que as persoas que circulen a pé adopten as medidas de precaución necesarias.

Artigo 9.- Abandono de VMP

Considerarase que un VMP foi abandonado e se procederá a súa retirada polos servizos municipais correspondentes cando o seu deterioro impida o uso e especialmente cando estando amarrado dificulte a circulación de vehículos o persoas ou cause algún dano ao mobiliario urbano.. Neste caso, a persoa interesada poderá recuperar o VMP trasladado ao depósito municipal unha vez satisfeita a taxa establecida.

Artigo 10. Réxime sancionador

En materia de responsabilidade polas infraccións contra o disposto neste anexo será aplicable o réxime sancionador contido na Ordenanza de circulación e uso da vía pública.

ANEXO IV. PLANOS DAS ZONAS DE APARCAMENTO DE AUTOBUSES E CAMIÓN DE GRAN TONELAXE E DE APARCAMENTOS DE RESIDENTES DA CIDADE HISTÓRICA

ANEXO V

Tipos de vehículos segundo as determinacións do anexo I do Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Vehículo. Aparello apto para circular polas vías ou terreos a que se refire a Lei de tráfico no seu artigo 2.

Ciclo. Vehículo provisto de, polo menos, dúas rodas e propulsado exclusiva ou principalmente pola enerxía muscular da persoa ou persoas que están sobre el, en particular por medio de pedais. Inclúense

nesta definición as bicicletas con pedaleo asistido, equipadas cun motor eléctrico auxiliar cunha potencia nominal continúa máxima inferior ou igual a 250 W que diminúe progresivamente e que finalmente se interrompe antes de que a velocidade do vehículo acade os 25 km/h ou se o ciclista deixa de pedalear.

Bicicleta. Ciclo de dúas rodas.

Ciclomotor. Teñen a condición de ciclomotores os vehículos que se definen a continuación:

- a. **Vehículo de dúas rodas** cunha velocidade máxima por construción non superior a 45 km/h e cun motor de cilindrada inferior ou igual a 50 cm³, se é de combustión interna, ou ben cunha potencia continua nominal máxima inferior ou igual a 4 kW se é de motor eléctrico.
- b. **Vehículo de tres rodas** cunha velocidade máxima por construción non superior a 45 km/h e cun motor cuxa cilindrada sexa inferior ou igual a 50 cm³ para os motores de acendido por faísca (positiva), cuxa potencia máxima neta sexa inferior ou igual a 4 kW para os demais motores de combustión interna ou cuxa potencia continua nominal máxima sexa inferior ou igual a 4 kW para os motores eléctricos.

- c. **Cuadriciclo lixeiro**, vehículos da categorías L6e e L7-e do Regulamento da UE 168/2013 do 15 de xaneiro, que se divide nas subcategorías seguintes:

Vehículo L6e-A, cuadrimóvil lixeiro para estrada.

Vehículo L6e-B, cuadrimóvil lixeiro, que, pola súa vez, pode ser:

Vehículo L6e-BU, cuadrimóvil lixeiro para o transporte de mercadorías.

Vehículo L6e-BP, cuatrimóvil lixeiro para transporte de pasaxeiros.

Vehículo L7e-A, quad pesado para estrada, dividido en:

Vehículo L7e-A, *quad* pesado para estrada, que pode ser **A1** ou **A2**.

Vehículo L7e-B, *quad* todo terreo pesado, que pode ser de dous tipos, **B1** (*quad* todo terreo) ou **B2** (*buggy* con asentos xustapostos).

Vehículo L7e-C, cuadrimóvil pesado, dividido nas seguintes subcategorías:

Vehículo L7e-CU, cuadrimóvil pesado para o transporte de mercadorías concibido unicamente para este uso.

Vehículo L7e-CP, cuadrimóvil pesado para o transporte de pasaxeiros, concibido principalmente para este uso.

Vehículos de mobilidade persoal. Vehículo dunha ou máis rodas dotado dunha única praza e propulsado exclusivamente por motores eléctricos que poidan proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre os 6 e os 25 km/h. Soamente poderá estar equipado cun asento ou sela e estará dotado de sistemas de autoequilibrado. Exclúense desta definición os vehículos sen sistemas de autoequilibrado e con sela, os vehículos concibidos para competición, os vehículos para persoas con mobilidade reducida e os que alcancen unha tensión de traballo maior a 100 VCC e 240 VAC, así como os incluídos no ámbito do Regulamento UE nº 168/2013, do 15 de xaneiro.

Vehículo para persoas de mobilidade reducida. Vehículo cuxa tara non supera os 350 quilogramos e que por construción non pode alcanzar en plano unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non meramente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ao resto das súas características técnicas están equiparados aos ciclomotores de tres rodas.

Vehículo de motor. Vehículo provisto de motor para a súa propulsión. Exclúense desta definición os ciclomotores, os tranvías, os vehículos para persoas de mobilidade reducida, bicicletas de pedais con pedaleo asistido e os vehículos de mobilidade persoal.

Automóbil. Vehículo de motor que serve normalmente para o transporte de persoas ou de cousas, ou de ambas á vez, e para a tracción doutros vehículos con aquel fin. Exclúense desta definición os vehículos especiais.

Motocicleta. Teñen a condición de motocicleta os automóviles que se definen a continuación:

- a. Motocicletas de dúas rodas. Automóbil de dúas rodas, sen sidecar, provisto dun motor de cilindrada superior a 50 cm³, se é de combustión interna, ou cunha velocidade máxima por construción superior a 45 km/h.
- b. Motocicletas con sidecar. Automóbil de tres rodas asimétricas respecto ao seu eixe medio lonxitudinal, provisto dun motor de cilindrada superior a 50 cm³, se é de combustión interna, ou cunha velocidade máxima por construción superior a 45 km/h.

Turismo. Automóbil destinado ao transporte de persoas que teña, polo menos, catro rodas e, ademais do asento do condutor, oito prazas como máximo.

Autobús ou autocar. Automóbil que teña máis de nove prazas, incluída a do condutor, destinado, pola súa construción e acondicionamento, ao transporte de persoas e das súas equipaxes. Inclúese neste termo o trolebús, é dicir, o vehículo conectado a unha liña eléctrica e que non circula por raís.

Autobús ou autocar articulado. Autobús ou autocar composto por dúas partes ríxidas unidas entre si por unha sección articulada. Neste tipo de vehículos, os compartimentos para viaxeiros de cada unha de

ambas as partes ríxidas comunícanse entre si. A sección articulada permite a libre circulación dos viaxeiros entre as partes ríxidas. A conexión e disxunción entre as dúas partes unicamente poderá realizarse nun taller.

Camión. Automóbil con catro ou máis rodas, concibido e construído para o transporte de mercadorías, cuxa cabina non está integrada no resto da carrozaría e cun máximo de nove prazas, incluída a da persoa que o conduce.

Vehículo mixto adaptable. Automóbil especialmente disposto para o transporte, simultáneo ou non, de mercadorías e persoas até un máximo de nove incluída a persoa que o conduce, e no que se pode substituír eventualmente a carga, parcial ou totalmente, por pasaxeiros mediante a adición de asentos.

Remolque. Vehículo non autopropulsado deseñado e concibido para ser remolcado por un vehículo de motor.

Remolque lixeiro. Aquel cuxa masa máxima autorizada non exceda de 750 kg. Para os efectos desta clasificación, exclúense os agrícolas.

Semirremolque. Vehículo non autopropulsado deseñado e concibido para ser axustado a un automóbil, sobre o que repousará parte del, transferíndolle unha parte substancial da súa masa.

Tractocamión. Automóbil concibido e construído para realizar, principalmente, o arrastre dun semirremolque.

Conxunto de vehículos. Teñen esta condición os seguintes:

- a. Vehículo articulado. Automóbil constituído por un vehículo de motor axustado a un semirremolque.
- b. Tren de estrada. Automóbil constituído por un vehículo de motor enganchado a un remolque.

Vehículo especial. Vehículo, autopropulsado ou remolcado, concibido e construído para realizar obras ou servizos determinados e que, polas súas características, está exceptuado de cumprir algunha das condicións técnicas regulamentariamente establecidas ou excede permanentemente os límites establecidos para masas ou dimensións, así como a maquinaria agrícola e os seus remolques.